# PROGRAMACIÓN 3º

# DE PRIMARIA

## CEIP FELICIANO BARRERA

## CURSO 2020 - 2021


## TITORA: CRISTINA

## ITURRIOZ MUÑOZ

# 1.ÍNDICE


**1.ÍNDICE** ........ 1

**2.INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN** ........ 4

**2.1.Introdución** ........ 4

**2.2.Contextualización** ........ 4

2.2.1. O centro ........ 4

2.2.2. O alumnado ........ 5

2.2.3. As familias ........ 6

2.2.4. Situación sociolingüística do alumnado ........ 6

2.2.5. O alumnado de 3º primaria ........ 6

**3.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE** ........ 7

**3.1.Vinculación entre as competencias clave e os obxectivos da educación primaria** ........ 8

**4.PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS** ........ 10

**4.1. Matemáticas.** ........ 11

4.1.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ........ 11

4.1.2.Temporalización ........ 17

4.1.3.Concrecións metodolóxicas ........ 18

4.1.4.Materiais e recursos didácticos ........ 18

4.1.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado ........ 19

4.1.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ........ 21

4.1.7.Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial ........ 22

4.1.8. Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-20 ........ 22

4.1.9. Plan de recuperación ........ 23

**4.2. Lingua castelá e literatura. .** ........ 23

4.2.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ........ 23

4.2.2.Temporalización ........ 31

4.2.3.Concrecións metodolóxicas ........ 32

4.2.4.Materiais e recursos didácticos ........ 33

4.2.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado ........ 34

4.2.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ........ 36

4.2.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial ........ 37

4.2.8. Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020 ........ 38

4.2.9. Plan de recuperación ........ 38

**4.3. Lingua galega e literatura.** ........ 38

4.3.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ........................................ 38
4.3.2.Temporalización ........................................................................................................ 49
4.3.3.Concrecións metodolóxicas......................................................................................... 50
4.3.4.Materiais e recursos didácticos.................................................................................... 51
4.3.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado .................................................. 51
4.3.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ........... 54
4.3.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial........................... 55
4.3.8. Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020....................................... 55
4.3.9. Plan de recuperación................................................................................................. 56
**4.4. Ciencias sociais. ........................................................................................................ 56**
4.4.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e instrumentos de avaliación ........................................... 56
4.4.2.Temporalización ........................................................................................................ 63
4.4.3.Concrecións metodolóxicas......................................................................................... 63
4.4.4.Materiais e recursos didácticos.................................................................................... 64
4.4.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado .................................................. 65
4.4.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ........... 68
4.4.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial........................... 68
4.4.8. Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020....................................... 69
4.4.9. Plan de recuperación................................................................................................. 69
**4.5.Ciencias da natureza.................................................................................................... 70**
4.5.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ........................................ 70
4.5.2.Temporalización ........................................................................................................ 74
4.5.3.Concrecións metodolóxicas......................................................................................... 74
4.5.4.Materiais e recursos didácticos.................................................................................... 75
4.5.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado .................................................. 76
4.5.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ........... 78
4.5.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial........................... 79
4.5.8. Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020....................................... 80
4.5.9. Plan de recuperación................................................................................................. 80
**4.6. Valores sociais e cívicos. Cristina Iturrioz Muñoz ................................................... 81**
4.6.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ........................................ 81
4.6.2.Temporalización ........................................................................................................ 86

4.6.3.Concrecións metodolóxicas ... 87
4.6.4.Materiais e recursos didácticos ... 88
4.6.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado ... 89
4.6.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ... 91
4.6.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial ... 92
**4.7.Educación artística (plástica). Cristina Iturrioz Muñoz. ... 93**
4.7.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación ... 93
4.7.2.Temporalización ... 96
4.7.3.Concrecións metodolóxicas ... 96
4.7.4.Materiais e recursos didácticos ... 97
4.7.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado ... 99
4.7.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados ... 101
4.7.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial ... 102
4.7.8. Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020 ... 103
**5.CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO ... 104**
**6.MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL ... 104**
**7.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE ... 105**
**8.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ... 106**
**9.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ... 107**
**10.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA ... 108**

# 2.INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 2.1.Introdución

Esta programación é o segundo nivel de concreción na etapa de Educación Primaria e está adaptado á "*Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa*", concretada en Galiza no "*Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*".

Un aspecto importante a ter en conta para a elaboración desta programación é a realidade do centro e a do propio alumnado, xa que pretende partir do próximo e do coñecido como gran recurso para guiar e orientar a selección e organización do que ensinar e como levalo á aula.

A programación procura ser o máis práctica posible, xa que se trata dun guión para levar a cabo o traballo na aula ao longo do curso e por tanto un exceso de teoría sería totalmente inútil.

## 2.2.Contextualización

### *2.2.1. O centro*

O centro atópase nun val, no núcleo rural de O Casal, lugar da Parroquia de San Xulián de Guláns, pertencente ao Concello de Ponteareas (Pontevedra), a unha distancia de 5 Km da cabeza do municipio e a uns 26 km de Vigo. Dita parroquia conta con uns 718 habitantes (datos 2018), distribuídos en 23 entidades de poboación, nas que a maioría das vivendas son de tipo unifamiliar agrupadas en barrios dispersos.

Polo que respecta ao nivel socioeconómico da poboación de Guláns, pódese considerar de clase media-baixa. A presencia do sector secundario é practicamente inexistente e a maioría dos habitantes traballan no sector primario e terciario, sendo os homes os que fundamentalmente realizan traballos remunerados, mentres que a maioría das mulleres dedícanse ás labores do fogar e ao cultivo dos campos para autoconsumo e, aínda que en menor medida que anos atrás, parte desta produción vai destinada a unha posterior venta no mercado de Ponteareas. Caben destacar no sector primario a existencia das "Canteiras de Couso" e o cultivo de pementos, potenciado coa concesión da denominación de orixe "Pemento de Guláns".

En canto á situación sociocultural, a parroquia de Guláns conta con diversas instalacións e actividades culturais, entre as que se atopan:

- A Avisoureira: unha casa cultural que conta cunha cafetería, un gran salón de actos, unha pequena biblioteca, tres ordenadores con acceso a internet, zona de recreo con pistas deportivas, parque infantil, ... Pola cercanía do noso centro e pola calidade das instalacións e o recinto, é habitual que realicemos algunhas actividades do centro nesta casa cultural.

- Banda de Música Unión de Guláns: unha das bandas máis antigas e con maior historia de todo Galicia.
- Escola de música da Banda de Música Unión de Guláns: está autorizada pola Consellería de Educación e asisten moitos dos alumnos/-as do centro.
- Asociación Cultural de Guláns: organiza varias actividades culturais, lúdicas e de formación (bailes de salón, ioga, pilates, actuacións, espectáculos, festas, …)
- Comunidade de Montes San Cibrán: realiza unha labor de xestión e conservación do medio natural e subvenciona actividades e obras para toda a parroquia.
- Rancho de Reis de Guláns: un grupo que mantén vivo unhas danzas ancestrais típicas da zona sur de Pontevedra que só se bailan nas datas próximas ao Nadal. Varios alumnos/-as do centro pertencen a este grupo.
- Ao longo do ano hai outras asociacións que realizan actividades diversas nas que tamén adoita participar o alumnado do centro (comisións de festas, grupo dos rastrexos, asociación do pemento de Guláns, grupo de catequese, ...)

A vila de Ponteareas atópase a uns 9 km do centro. Alí as familias teñen acceso a biblioteca, museo, actividades culturais, ... O principal problema é que non se dispón dunha rede de transporte público adecuada, polo que moitas familias non teñen un fácil acceso á vila. Este problema existe tamén coa conexión con Vigo, que ten unha maior oferta cultural e está a uns 25 km, pero non tódalas familias dispoñen de coche propio para poder desprazarse ata alí.

#### *2.2.2. O alumnado*

Este curso contamos con 107 alumnos/-as procedentes principalmente de Guláns, Cristiñade e Ganade (Parroquia de Areas). En xeral, o alumnado pertence a familias dun nivel socioeconómico e cultural medio-baixo.

En xeral é un alumnado non conflitivo, cun ambiente familiar que se atopa dentro do considerado como normal sen problemáticas graves de risco de exclusión social, alcoholismo, drogo dependencia, abandono familiar, … Existe algún caso concreto que xa conta co apoio dos servizos sociais do Concello.

No centro non hai alumnado doutras nacionalidades. Hai algúns pais e nais procedentes doutros países e algúns nenos/-as que, aínda que foron adoptados por familias do lugar, proceden tamén doutros países.

O alumnado, en xeral, non presenta grandes desfases entre o seu nivel de coñecemento e a súa idade. Aínda así, aproximadamente un 30% do alumnado está considerados como alumnado

con necesidades educativas e precisa dunha especial atención en distintos ámbitos da aprendizaxe.

### 2.2.3. As familias

As familias están organizadas en torno á ANPA. A ANPA funciona ben e adoita coordinarse de forma moi correcta co centro e coas familias. Tamén adoitan ter propostas interesantes para o alumnado e para o centro. Todo isto redunda en beneficio da boa relación existente entre tódolos membros da comunidade educativa.

As familias adoitan estar sempre dispostas a colaborar co centro en todo o que se lles pide. En xeral, salvo raras excepcións, preocúpanse pola educación dos seus fillos e fillas, asistindo de maneira periódica ás reunións cos titores, así como ás reunións xerais e ás distintas actividades organizadas polo centro. Ademais sempre colaboran nas actividades que propoñen os distintos equipos de dinamización e os titores e titoras.

Dende o centro mantense coas familias unha comunicación continua e eficaz a través de distintos medios (circulares, teléfono, reunións, ...).

No que respecta a aquelas familias cunha situación problemática ou delicada, mantense un contacto frecuente cos servizos sociais do Concello de Ponteareas.

### 2.2.4. Situación sociolingüística do alumnado

Polo que respecta ao alumnado, a pesar de pertencer a un medio rural, a maioría fala castelán. Cada ano vaise perdendo un número maior de galego falantes.

### 2.2.5. O alumnado de 3º primaria

A aula de 3º está composta por 11 alumnos (4 nenas e 7 nenos).

Os nenos son bastante inquedos, mentres as nenas adoitan ser bastante tranquilas.

O alumado de 3º ten superados os obxectivos de tódalas materias do 2º curso de primaria. Teñen as competencias clave adquiridas.

Na materia de valores sociais e cívicos / relixión católica, 3 alumnos saen da aula co mestre de relixión e 8 quedan en valores sociais e cívicos.

É preciso salientar que cada neno e nena conta no seu expediente cun informe individualizado dos aprendizaxes imprescindibles non adquiridas a causa dos atrasos producidos no terceiro trimestre do curso 2019/2020 ante a situación de crise ocasionada polo COVID-19, que deberán ser obxecto de tratamento no curso 2020/2021. Ademais en dito informe o titor de 2º tamén estableceu un plan de recuperación destas aprendizaxes que a titora de 3º terá moi en conta durante o primeiro trimestre deste curso.

# 3.CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Enténdese por **competencias** as capacidades para aplicar de forma integrada os **contidos** propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, coma nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como "un saber facer" que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais.

- ✓ Comunicación lingüística (CCL).
- ✓ Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
- ✓ Competencia dixital (CD).
- ✓ Aprender a aprender (CAA).
- ✓ Competencias sociais e cívicas (CSC).
- ✓ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- ✓ Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso xeraremos tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos alumnos a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Enténdese por obxectivos os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

## 3.1.Vinculación entre as competencias clave e os obxectivos da educación primaria

| OBXECTIVOS | COMPETENCIAS CLAVE |
|---|---|
| a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. | Competencias sociais e cívicas.<br>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |
| b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor. | Competencias sociais e cívicas.<br>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>Aprender a aprender |
| c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan. | Competencias sociais e cívicas.<br>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>Aprender a aprender<br>Comunicación lingüística. |
| d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade. | Competencias sociais e cívicas.<br>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>Conciencia e expresións culturais |
| e) Coñecer e utilizar de forma apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as dúas linguas. | Comunicación lingüística.<br>Aprender a aprender.<br>Competencias sociais e cívicas. |
| f) Adquirir, cando menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás. | Comunicación lingüística.<br>Aprender a aprender.<br>Competencias sociais e cívicas. |
| g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá. | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.<br>Aprender a aprender.<br>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |
| h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia. | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.<br>Aprender a aprender.<br>Sociais e cívicas. |

| | |
|---|---|
| | Conciencia e expresións culturais. |
| j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais. | Conciencia e expresións culturais.<br>Comunicación lingüística.<br>Dixital. |
| k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social. | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.<br>Sociais e cívicas. |
| l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado. | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.<br>Sociais e cívicas. |
| m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual. | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>Sociais e cívicas.<br>Conciencia e expresións culturais. |
| n) Fomentar a educación vial e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.<br>Sociais e cívicas. |
| o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, destacando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. | Sociais e cívicas.<br>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.<br>Conciencia e expresións culturais. |

## 4.PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS

Enténdese por **contidos** o conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias.

Enténdese por **criterios de avaliación** o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e responden ao que se pretende conseguir en cada disciplina.

Enténdese por **estándares de aprendizaxe** as especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliables, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe avaliables, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Por outra banda, os criterios de avaliación describen o que se pretende lograr en cada disciplina, e, neste sentido, os contidos non son máis que os medios para acadalos.

En cada área os contidos agrúpanse en bloques, o que non supón unha secuencia nin implica unha organización pechada; pola contra, permite organizar de diferentes formas os elementos curriculares e adoptar a metodoloxía máis axeitada ás características das aprendizaxes e do grupo de alumnos e alumnas aos que van dirixidos.

Enténdese por **grao de consecución** o nivel mínimo de adquisición de cada un dos estándares de aprendizaxe e, polo tanto, está directamente relacionado con estes, xa que se trata do seguinte nivel de concreción dos mesmos. Este seguinte nivel de concreción, ven a establecer o grao mínimo de consecución que se esixe para que o alumnado poida superar a materia.

Enténdese por **procedementos de avaliación** o xeito de avaliar, as probas, ferramentas ou instrumentos de avaliación. Existe unha gran variedade de medios para avaliar, que van dende a tradicional proba escrita ata a observación directa, pero ningún deles é completo sen os outros. A elección dos máis apropiados depende en gran medida do tipo de actividade de que se trate. É necesario, por tanto, escoller en cada momento o instrumento de avaliación máis adecuado ás nosas necesidades. Dada a cantidade de elementos de ensinanza a avaliar, os

procedementos han de ser ricos e variados, proporcionando información dende distintos puntos de vista. Debido a isto, é necesario recorrer a estratexias educativas que busquen avaliacións de tipo cualitativo e non unicamente cuantitativas.

## 4.1. Matemáticas.

### *4.1.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación*

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C.C. | Tempo. | Instrumentos avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS | | | | | | | |
| . b . e . g | B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas axeitadas etc. Resultados obtidos. | B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. | MTB1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada). | Extrae os datos do problema | CCL CMCT CAA | 1ª, 2ª e 3ª Aval. | Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas. |
| | | | MTB1.1.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc. | Resolve problemas sinxelos con axuda | CMCT CAA CSIEE | 1ª, 2ª e 3ª Aval. | Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas. |
| . b . g | B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas. | B1.2. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas. | MTB1.2.1. Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, que teño?, que busco?, como o podo facer?, non me equivoquei ao facelo?, a solución é idónea? | Expresa de xeito oral as preguntas apropiadas para resolver a tarefa | CMCT CAA CSIEE | 1ª, 2ª e 3ª Aval. | Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas. |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| . b . g . i | B1.3. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.<br>B1.4. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. | B1.3. Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionar información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións. | MTB1.3.1. Iníciase na utilización de ferramentas tecnolóxicas, nomeadamente a calculadora, para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas. | Inicio no uso da calculadora | CMCT<br>CD<br>CAA | 1ª, 2ª e 3ª Aval. | Escala de observación<br>Análise de caderno. Probas obxectivas. |
| BLOQUE 2. NÚMEROS | | | | | | | |
| . e . g | B2.1. Números naturais ata o 10.000.  B2.2. Nome e grafía dos números ata o 10.000.  B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas, unidade de millar e decena de millar.<br>B2.4. O sistema de numeración decimal: valor posicional das cifras.<br>B2.5. Identificación do número anterior e o seguinte a un dado. | B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados | MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.<br><br>MTB2.1.2. Aproxima números á decena, centena e millar. | Ordena números ata 10.000<br><br>Aproxima un número dado á decena, centena ou millar | CMCT<br>CCL<br><br>CMCT | 1ª aval.<br><br>1ª aval. | Escala de observación<br>Análise de caderno. Probas obxectivas.<br><br>Escala de observación<br>Análise de caderno. Probas obxectivas. |
| . b . e . g | B2.6. Orde numérica.<br><br>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas, unidade de millar e decena de millar.<br><br>B2.7. Redondeo de números naturais, ás decenas, centenas e millares. | B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. | MTB2.2.1. Realiza correctamente series tanto ascendentes coma descendentes.<br><br>MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 10.000.<br><br>MTB2.2.3. Descompón, compón e redondea números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras | Realiza series<br><br>Comprende enunciados para a resolución de situacións cotiás<br><br>Da o valor adecuado a cada cifra segundo a súa posición. | CMCT<br><br>CMCT<br>CAA<br>CCL<br><br>CMCT<br>CAA | 1ª aval.<br><br>1ª aval.<br><br>1ª aval. | Escala de observación<br>Análise de caderno. Probas obxectivas.<br><br>Escala de observación<br><br>Análise de caderno. Probas obxectivas.<br><br>Escala de observación<br>Análise de caderno. Probas obxectivas. |
| . | B2.8. Operacións con | B2.3. Realizar operación e cálculos | MTB2.3.1. Constrúe e memoriza as | Realiza a | CMCT | 1ª | Escala de |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| b<br>.<br>g | números naturais: adición, subtracción, multiplicación e división enteira por un número dunha cifra.<br>B2.9. Automatización de algoritmos.<br>B2.10. A multiplicación como suma de sumandos iguais e viceversa.<br>B2.11. Construción e memorización das táboas de multiplicar.<br>B2.12. Identificación e uso dos termos propios da multiplicación: factores e produto.<br>B2.13. Identificación e uso dos termos propios da división: dividendo, divisor, cociente e resto.<br>B2.14. Utilización en contextos reais da división para repartir e para agrupar.<br>B2.15. Proba da división relacionando dividendo, divisor, cociente e resto en casos sinxelos.<br>B2.16. Utilización da calculadora.<br>B2.17. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental. | numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas. | táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.<br><br>MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualiza-dos.<br><br>MTB2.3.3. Resolve problemas utilizando a multiplicación para realizar recontos, en disposicións rectangulares nos que intervén a lei do produto<br><br>MTB2.3.4. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.<br><br>MTB2.3.5. Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división. | táboa de multiplicar de xeito oral e escrito<br><br>Recoñece a multiplicación como suma de sumandos iguais.<br><br>Resolve problemas utilizando o procedemento axeitado e comprobando e interpretando as solucións no contexto.<br><br>Realiza operacións matemáticas sinxelas de multiplicar e dividir<br><br>Recoñece e diferencia os termos da multiplicación e da división | <br><br>CMCT<br>CAA<br><br>CMCT<br><br>CMCT<br>CAA<br><br>CMCT | aval.<br><br>1ª aval.<br><br>1ª aval.<br><br>1ª e 2ª aval.<br><br>1ª e 2ª aval. | observación Análise de caderno. Probas obxectivas.<br><br>Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas.<br><br>Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas .<br><br>Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas .<br><br>Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas. |
| .<br>b<br>.<br>g | B2.18. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.<br>B2.19. Resolución de problemas da vida cotiá. | B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.<br><br>MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto | Resolve problemas de forma razoada<br><br>Resolve problemas utilizando o procedemento axeitado e | CMCT<br>CAA<br><br>CMCT<br>CAA<br>CSIEE | 1ª e 2ªaval.<br><br>1ª aval. | Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas.<br><br>Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas. |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | comprobando e interpretando as solucións no contexto. | | | |
| BLOQUE 3. MEDIDA | | | | | | | |
| . b . g | B3.1. Expresión e forma simple dunha medición de lonxitude, capacidade, masa ou peso.<br>B3.2. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida.<br>B3.3. Realización de medicións | B3.1. Seleccionar e utilizar instrumentos e unidades de medida usuais, facendo previamente estimacións e expresando con precisión medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo, en contextos reais. | MTB3.1.1. Identifica as unidades do sistema métrico decimal. Lonxitude, capacidade, masa ou peso.<br><br>MTB3.1.2. Mide con diferentes instrumentos elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. | Identifica as unidades de medida más habituais dunha mesma magnitude<br><br>Emprega diferentes instrumentos de medida de maneira axeitada | CMCT<br><br>CMCT CAA | 3ª aval.<br><br>3ª aval | Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas.<br><br>Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas. |
| . g | B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude. B3.5. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa ou peso. | B3.2. Operar con diferentes medidas de lonxitude, peso/masa, capacidade e tempo. | MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa en forma simple.<br><br>MTB3.2.2. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude. | Realiza operacións simples con diferentes medidas<br><br>Compara e ordena medidas | CMCT<br><br>CMC | 3ª aval<br><br>3ª aval | Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas.<br><br>Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas. |
| . b . e . g | B3.6. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados. | B3.3. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas. | MTB3.3.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre diversas unidades de medida da mesma magnitude.<br><br>MTB3.3.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados.<br><br>MTB3.3.3. Resolve problemas da vida real utilizando as unidades de medida máis usuais. | Identifica as unidades de medida más habituais dunha mesma magnitude<br><br>É quen de expresar oral e por escrito os | CMCT<br><br>CCL CAA | 1ª aval.<br><br>2ª aval. | Escala de observación Análise de caderno. Probas obxectivas.<br><br>Escala de observación Análise de caderno. Probas |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | procedementos realizados<br><br>Identifica as unidades de medida más habituais dunha mesma magnitude | <br><br>CMCT CAA | <br><br>1ª aval. | obxectivas.<br><br>Escalas de observación Análise de producións. |
| . g | B3.7. Unidades de medida do tempo e as súas relación.  B3.8. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais.<br>B3.9. Cálculos con medidas temporais. | B3.4. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria. | MTB3.4.1. Resolve problemas da vida real utilizando as medidas temporais e as súas relacións | Identifica as unidades de medida más habituais dunha mesma magnitude | CMCT | 3ª aval | Escalas de observación Análise de producións. |
| . b . g | B3.10. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.<br>B3.11. Múltiplos e submúltiplos do euros.<br>B3.12. Equivalencias entre moedas e billetes. | B3.5. Coñecer o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. | MTB3.5.1. Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas.<br><br>MTB3.5.2. Calcula múltiplos e submúltiplos do euro. | Coñece e emprega correctamente as moedas do sistema monetario Europeo<br><br>Coñece e emprega correctamente as moedas do sistema monetario Europeo | CMCT CAA CSC<br><br>CMCT | 3ª aval<br><br>3ª aval | Escalas de observación Análise de producións.<br><br>Escalas de observación Análise de producións. |
| . b . g | B3.13. Resolución de problemas de medida. | B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB3.6.1. Resolve problemas de medida, utilizando estratexias heurísticas e de razoamento<br><br>MTB3.6.2. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | Aplica os coñecementos matemáticos a situacións da vida real<br>Organiza os datos para a resolución de problemas e interpreta os resultados | CMCT CAA<br><br>CMCT CAA CSIEE | 1ª, 2ª aval.<br><br>1ª , 2ª aval. | Escalas de observación Análise de producións.<br><br>Escalas de observación Análise de producións. |
| | | | | | | | |

| BLOQUE 4. XEOMETRÍA | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| . g | B4.1. Clasificación de polígonos. Lados e vértices.<br>B4.2 Composición e descomposición de polígonos.<br>B4.3. Clasificación de figuras e corpos xeométricos utilizando diversos criterios.<br>B4.4. Figuras xeométricas. Elementos básicos: lado, vértice, base, diagonal, ángulo e eixes de simetría. | B4.1. Identificar figuras planas e corpos xeométricos, nomeando e recoñecendo os seus elementos básicos (lados, vértices, caras, arestas e ángulos). | MTB4.1.1. Coñece e identifica os elementos básicos dos corpos xeométricos (lado, ángulo e vértice). | Representa os corpos xeométricos básicos e os seus elementos | CMCT | 3ª aval | Escalas de observación |
| . b . g | B4.5. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio, diámetro. | B4.2. Coñecer e distinguir a circunferencia e o círculo, así como os seus elementos básicos. | MTB4.2.1. Coñece e diferencia a circunferencia do círculo e distingue os seus elementos | Representa o círculo, a circunferencia e os elementos básicos: radio e diámetro | CMCT CAA | 3ª aval | Escalas de observación |
| . g | B4.6. Corpos xeométricos: recoñecemento de prismas, pirámides e corpos redondos. Elementos básicos de poliedros: caras, vértices e arestas. | B4.3. Coñecer e diferenciar os poliedros e os corpos redondos, así como os seus elementos básicos. | MTB4.3.1. Identifica corpos redondos e poliedros (prisma, pirámide, cilindro, cono, esfera...). | Diferencia corpos redondos e poliedros, e as súas características básicas | CMCT | 3ª aval | Escalas de observación |
| . b . g | B4.7. Comparación e clasificación de ángulos: rectos, agudos, obtusos.  B4.8. Uso das TIC no desenvolvemento e asimilación de contidos relacionados coa xeometría. | B4.4. Saber o que é un ángulo e as clases de ángulos. | MTB4.4.1. Distingue entre ángulos agudos, rectos e obtusos. | Recoñece e clasifica ángulos agudos, rectos e obtusos en obxectos da vida real | CMCT CAA | 3ª aval | Escala de observación Rexistro anecdótico. |
| . b . e . g | B4.9. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.  B4.10. Representación elemental de espazos coñecidos: planos e maquetas. B4.11. Descrición de posicións e movementos nun contexto topográfico.<br>B4.12. As liñas como percorrido: rectas e curvas, intersección de rectas e rectas | B4.5. Interpretar representacións espaciais (esbozo dun itinerario, plano dunha pista…) realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares. | MTB4.5.1. Obtén información puntual e describe unha representación espacial (esbozo dun itinerario, plano dunha pista...) tomando como referencia obxectos familiares.<br>MTB4.5.2. Interpreta e describe situacións, mensaxes e feitos da vida diaria utilizando o vocabulario xeométrico | Recoñece diferentes representacións espaciais e fai un itinerario nun contexto familiar.<br>Diferencia tipos de liñas usando | CMCT CAA CCL<br>CMCT | 3ª aval<br>3ª | Escala de observación Rexistro anecdótico.<br>Escala de |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | paralelas. | | axeitado: indica una dirección, explica un percorrido, oriéntase no espazo. | un vocabulario axeitado | CAA<br>CCL | aval | observación Rexistro anecdótico. |
| .<br>b<br>.<br>g | B4.13.Perímetro das figuras planas. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá. | B4.6. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | MTB4.6.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados utilizando estratexias heurísticas de razoamento<br><br>MTB4.6.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | Utiliza os contidos traballados para resolver problemas.<br><br>Resolve problemas axeitados ao seu nivel | CMCT<br>CAA<br><br>CMCT<br>CAA<br>CSIEE | 2ª aval.<br><br>2ª aval. | Escala de observación Rexistro anecdótico.<br><br>Escala de observación Rexistro anecdótico. |
| BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE | | | | | | | |
| .<br>b<br>.<br>g | B5.1. Recollida e rexistro de datos sobre obxectos, fenómenos e situacións familiares utilizando técnicas elementais de enquisas, observación e medición<br>B5.2. Lectura, interpretación e elaboración de táboas de dobre entrada de uso habitual na vida cotiá.<br>B5.3. Interpretación e descrición verbal e escrita de elementos significativos de gráficos sinxelos. B5.4. Realización de gráficas sinxelas: pictogramas, diagramas de barras. | B5.1. Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao contorno inmediato. | MTB5.1.1. Recolle e clasifica datos de situacións do seu contorno, utilizándoos para construír táboas ou gráficas.<br><br>MTB5.1.2. Ordena os datos rexistrados atendendo a un criterio de clasificación.<br><br>MTB5.1.3. Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita. | Recolle datos para elaboración de táboas.<br><br>Clasifica datos atendendo a un criterio dado.<br><br>Interpreta os datos dunha táboa | CMCT<br>CAA<br><br>CMCT<br>CAA<br><br>CMCT<br>CAA | 2ª aval.<br><br>2ª aval.<br><br>2ª aval. | Escala de observación Análise de producións<br><br>Escala de observación Análise de producións<br><br>Escala de observación Análise de producións |

## *4.1.2.Temporalización*

Aparece reflectida no cadro anterior.

### *4.1.3.Concrecións metodolóxicas*

A metodoloxía procurará unha aprendizaxe significativa, cun enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñerei especial atención ao trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais. Promoverei un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais. Se tentará que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real. Na medida das posibilidades se empregarán recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentarei desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas. Atenderei aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoverei unha educación inclusiva. A lectura e a súa promoción terá un tratamento específico dentro da aula.

### *4.1.4.Materiais e recursos didácticos*

- Materiais
  - Libro de texto de matemáticas, editorial Santillana
  - Guía didáctica.
  - Encerado e lousa dixital.
  - Folletos do súper
  - Palillos para traballar unidades, decenas e centenas
  - Regras
  - Transportador
  - Compás

- Recursos

- Biblioteca de aula e de centro
- Aula de informática.
- Material didáctico: Láminas de observación
- Recursos do entorno: (saídas, exposicións, teatro...)
- Recursos audiovisuais
- Patio cuberto e patio descuberto do colexio

### *4.1.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

**Momentos da avaliación**

*Avaliación inicial*

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizar a se unha avaliación inicial de cada área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Despois desta reflexión inicial o alumno realizará unha pequena avaliación inicial de cada unidade para ir adaptando o nivel nas competencias básicas e o contido da materia

*Avaliación continua*

A avaliación será continua e formativa , tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- Recollida periódica do caderno.
- Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais
- Exposicións orais, traballos, informes..
- Traballos en grupo

Estableceranse as medidas mais adecuadas para que as condicións de realización da avaliación se adapta ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

*Avaliación final*

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.
2. Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

**Criterios de cualificación**

*ASPECTOS VALORADOS*

- Exames, probas escritas e orais 50%
- Traballo diario en clase, tarefas propostas para facer en casa e presentación de caderno 40%
- Actitudes: Motivación, interese, esforzo, progreso, participación e colaboración con compañeiros/as, respecto de normas 10%

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de insuficiente(IN) para as cualificacións negativas, suficiente(SU), ben(BE), notable(NT) ou sobresaínte(SB) para as cualificacións positivas. A estes termos engadiráselles unha cualificación numérica sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

Insuficiente: 1, 2, 3, 4

Suficiente: 5.

Ben: 6.

Notable: 7 ou 8.

Sobresaliente: 9 ou 10.

### *4.1.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

Como primeiro paso analizaranse as actas finais do curso anterior do grupo de alumnos e os informes individualizados dos mesmos. Ao comezo do curso realizaranse probas no marco da primeira quincena de clases, durante o mes de setembro, para avaliar o estado dos coñecementos do alumnado e marcarnos o punto de partida do noso traballo. Estas probas faranse tendo en conta os estándares do curso anterior. Os instrumentos de avaliación serán fundamentalmente listaxes de control e listas de verificación, e a análise da actividade desenvolvida na aula. Recollidos os datos da avaliación inicial determinaranse aqueles estándares que requiran dun tratamento máis intenso de cara a garantir un aproveitamento axeitado do curso.

### *4.1.7.Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas, unidade de millar e decena de millar.

B2.8. Operacións con números naturais: adición, subtracción, multiplicación e división enteira por un número dunha cifra.

B2.9. Automatización de algoritmos.

B2.19. Resolución de problemas da vida cotiá.

B3.7. Unidades de medida do tempo e as súas relación. 3.5. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa ou peso.

B3.10. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes.

B4.1. Clasificación de polígonos. Lados e vértices.

B4.7. Comparación e clasificación de ángulos: rectos, agudos, obtusos.

### *4.1.8. Aprendizaxes non adquiridas no curso 2019-20*

MTB1.3.1. Utiliza os medios tecnolóxicos na resolución de problemas.

MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude.

MTB3.2.1. Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso.

MTB3.3.1.Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade.

### *4.1.9. Plan de recuperación*

Este curso a sinatura de matemáticas comezará cun profundo repaso dos algoritmos da suma e resta, as táboas de multiplicar e as multiplicacións por unha e dúas cifras, o cálculo mental e seguindo as recomendacións do anterior titor faremos un profundo repaso ás unidades de medida.

## 4.2. Lingua castelá e literatura. .

### *4.2.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación*

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR | | | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais. | ▪ B1.1.Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando a quenda de palabra e a intervención dos e das demais. | ▪ LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade. | ▪ Fala dos seus sentimentos e vivencias | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais. | ▪ Respecta as normas básicas de comunicación oral | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Equipos |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe. | ▪ B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia. | ▪ LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes. | ▪ Utiliza de forma global a palabra e os xestos para expresarse. | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas. | ▪ Exprésase axeitadamente segundo o seu nivel | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B1.3. Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso cunha secuencia lineal sinxela. | ▪ B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situación de aula. | ▪ LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación:<br>– Diálogos<br>– Exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación. | ▪ Expresase de forma coherente en distintas situacións de comunicación | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.4. Dedución das palabras evidentes polo contexto. Interese pola ampliación de vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas. | ▪ B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras evidentes a partir do seu contexto de uso. | ▪ LCB1.4.1. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras. | ▪ Iníciase na identificación do significado das palabras polo seu contexto. | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Traballos<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB1.4.2. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación. | ▪ Utiliza vocabulario axeitado a súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía e-procedentes de diversas fontes (produción didáctica, gravacións, medios de comunicación). | ▪ B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). | ▪ LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas…. | ▪ Comprende o sentido global dun texto oral de uso cotiá<br>▪ Resume as ideas principais dun texto oral | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB1.5.3. Responde preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal. | ▪ Responde preguntas relacionadas cun texto | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Fichas<br>▪ Caderno |
| | | | ▪ LCB1.5.4. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe. | ▪ Utiliza a información do texto para diversas actividades | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Fichas<br>▪ Caderno |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (produción didáctica, gravacións, medios de comunicación). | ▪ B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe. | ▪ LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información. | ▪ Extrae a información máis relevante de reportaxes audiovisuais adaptados a súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Traballos<br>▪ Equipos |
| | | | ▪ LCB1.6.2. Transforma en noticias sinxelas feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos. | ▪ Transforma feitos cotiás nunha noticia | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Asemblea<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ LCB1.6.3. Comprende de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación. | ▪ Recoñece a idea principal de mensaxes procedentes dos medios de comunicación | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Traballos<br>▪ Equipos |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.6. Audición e reprodución de textos adecuados ao nivel que | ▪ B1.7. Reproducir textos axeitados aos seus gustos e | ▪ LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, | ▪ Reproduce textos orais e escritos sinxelos. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Provas |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | estimulen o seu interese.<br>▪ B1.7. Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade e de producións propias. | intereses. | sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses. | | ▪ CCEC | |
| | | | ▪ LCB1.7.2. Interpreta diferentes personaxes, reflectindo as súas características esenciais, memorizando e representando as súas accións e xestos máis definitorios. | ▪ Memoriza e interpreta diferentes personaxes | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B1.8. Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía. | ▪ B1.8. Producir textos orais adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos). | ▪ LCB1.8.1. Elabora comprensiblemente textos orais breves e sinxelos do ámbito escolar e social, adecuados ao nivel, imitando modelos. | ▪ Elabora diversos textos orais sinxelos | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Traballos<br>▪ Equipos |
| | | | ▪ LCB1.8.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos. | ▪ Fai un discurso oral de forma coherente | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B1.9. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar e preguntar. | ▪ B1.9. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar e preguntar. | ▪ LCB 1.9.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita e pregunta para asegurar a comprensión. | ▪ Pregunta con coherencia e atende á resposta | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.1. Lectura, en silencio e en voz alta, de distintos tipos de texto próximos á súa experiencia. | ▪ B2.1. Ler en voz alta e en silencio diferentes textos. | ▪ LCB2.1.1. Le en voz alta, sen dificultade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade. | ▪ Le textos sinxelos con pronunciación axeitada. | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| | | | ▪ LCB2.1.2. Le en silencio textos sinxelos próximos á súa experiencia. | ▪ Le en silencio textos adaptados a súa idade | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| ▪ e | ▪ B2.2. Comprensión de textos de diversa tipoloxía, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, segundo a súa tipoloxía e valorando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía correcta. | ▪ B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade e valorar a lectura como medio para ampliar o vocabulario, fixar a ortografía correcta e como gozo persoal. | ▪ LCB2.2.1. Resume, respondendo a preguntas e reflectindo as ideas principais, textos de diversa tipoloxía textual. | ▪ Resume a idea principal dun texto | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Fichas<br>▪ Caderno |
| | | | ▪ LCB2.2.2. Distingue en textos do ámbito escolar e social e de forma xeral, entre as diversas tipoloxías atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e á súa intención comunicativa | ▪ Diferencia distintos tipos de mensaxes. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | (informativos, literarios e prescritivos). | | | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras crave. Anticipación de hipótese de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. Uso do dicionario. | ▪ B2. 3. Utilizar de xeito guiado estratexias elementais para a comprensión lectora de textos moi sinxelos de diversa tipoloxía. | ▪ LCB2.3.1. Identifica as palabras clave dun texto. | ▪ Identifica as palabras clave dun texto. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB2.3.2. Activa, de forma guiada, coñecementos previos para comprender un texto. | ▪ Emprega os coñecemento previos para comprender un texto | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| | | | ▪ LCB2.3.3. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e de ilustracións redundantes. | ▪ Fai hipóteses previas sobre o tema dun texto | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB2.3.4. Relaciona a información contida nas ilustracións coa información que aparece no texto. | ▪ Relaciona os textos coas ilustracións | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB2.3.5. Iníciase na utilización do dicionario de xeito guiado. | ▪ Iníciase na utilización do dicionario | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos |
| ▪ e | ▪ B2.4. Gusto pola lectura.<br>▪ B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal.<br>▪ B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector. | ▪ B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos. | ▪ LCB2.4.1. Dedica momentos de lecer para a lectura voluntaria. | ▪ Dedica momentos para a lectura | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Estacións |
| | | | ▪ LCB2.4.2. Selecciona textos do seu interese en función dos seus gustos e preferencias. | ▪ Da a opinión sobre os seus gustos lectores e escolle as súas lecturas en base a eles | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LCB2.4.3. Identifica e resume o argumento de lecturas realizadas e dá referencias básicas, como o título. | ▪ Resume o argumento das lecturas | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Fichas |
| ▪ e<br>▪ i | ▪ B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer. | ▪ B2.5. Usa a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses. | ▪ LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula. | ▪ Iniciase na busca de diferentes fontes bibliográficas. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Equipos |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal. | ▪ B2.6. Mostrar interese por ter unha biblioteca propia. | ▪ LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. | ▪ É coidadoso e organizado cos libros. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Estacións |
| ▪ a<br>▪ e | ▪ B2.9.Identificación da finalidade das mensaxes transmitidos polo | ▪ B2.7. Identifica a estrutura de diferentes textos lidos, | ▪ LCB2.7.1. Diferenza, con axuda, entre información e publicidade. | ▪ Iníciase na discriminación entre información e | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | texto. | centrándose na interpretación do seu significado. | | publicidade | ▪ CSC | |
| | | | ▪ LCB2.7.2. Formula hipótese, de xeito guiado, sobre a finalidade de diferentes textos moi sinxelos a partir da súa tipoloxía, e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos moi redundantes, axeitados á súa idade. | ▪ É quen de opinar, con axuda, sobre diferentes textos sinxelos | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B2.10. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información. | ▪ B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información. | ▪ LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información. | ▪ Iníciase na busca de información nas novas tecnoloxías. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Equipos<br>▪ Estacións |
| | BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B3.1. Produción de textos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.<br>▪ B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica.<br>▪ B3.3. Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel. | ▪ B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación. | ▪ LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas…. | ▪ Iniciase na escrita de textos sinxelos respectando normas básicas gramaticais e ortográficas. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel. | ▪ Escribe respectando as normas ortográficas básicas | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB3.1.3. Reproduce textos ditados sinxelos. | ▪ Escribe textos sinxelos ditados | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno |
| | | | ▪ LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. | ▪ É autónomo na realización das tarefas e coida a súa presentación | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Traballos |
| | ▪ B3.4. Valoración da propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | ▪ B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | ▪ LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros. | ▪ É respectuoso coas súas producións e a dos seus compañeiros. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Asemblea<br>▪ Equipos |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B3.5. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación | ▪ B3.3. Aplicar, con axuda, todas as fases do proceso de | ▪ LCB3.3.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de | ▪ Planifica e revisa os seus textos | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...). Textualización en frases elementais con secuencia lineal.<br>▪ B3.6. Revisión e mellora do texto. | escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura. | planificación, textualización e revisión do texto. | | ▪ CSIEE | ▪ Traballos |
| | | | ▪ LCB3.3.2. Utiliza, con axuda e para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e da secuencia coherente do escrito. | ▪ Iniciase na utilización de borradores para a produción dos seus traballos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B3.7. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómics. | ▪ B3.4. Elaborar proxectos individuais ou colectivos de carácter informativo sobre diferentes temas do área. | ▪ LCB3.4.1. Elabora, de forma guiada, gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de experiencias realizadas. | ▪ É quen de rexistrar os procesos das súas experiencias | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Experimentos |
| | | | ▪ LCB3.4.2. Elabora e presenta, de forma guiada, textos sinxelos, que ilustra con imaxes, en diferentes soportes (papel e dixital), de carácter redundante co contido: carteis publicitarios, anuncios e cómics. | ▪ Ilustra textos sinxelos, relacionados co seu contido | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B3.8. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | ▪ B3.5. Usar unha linguaxe respectuosa coa diversidade, evitando expresións discriminatorias e prexuízos. | ▪ LCB3.5.1. Exprésase, por escrito, evitando unha linguaxe sexista e non respectuosa coas diferenzas. | ▪ Escribe cunha linguaxe respectuosa e non sexista | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ e<br>▪ i | ▪ B3.9. Creación de textos utilizando as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de xeito guiado. | ▪ B3.6. Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións. | ▪ LCB3.6.1. Usa con axuda as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información. | ▪ Iniciase na utilización das novas tecnoloxías para escribir textos moi sinxelos | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Estacións |
| ▪ e<br>▪ i | ▪ B3.10. Produción de textos segundo Plan de escritura do centro. | ▪ B3.7. Escribir os textos establecidos no Plan de escritura. | ▪ LCB3.7.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel. | ▪ Produce textos sinxelos | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos |
| | BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B4.1. A palabra.<br>▪ B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada | ▪ B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos | ▪ LCB4.1.1. Recoñece e identifica as categorías gramaticais básicas: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar acción. | ▪ Identifica artigos, adxectivos, nomes e verbos | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB4.1.2. Utiliza con corrección os | ▪ Utiliza correctamente os | ▪ CCL | ▪ Observación |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | clase de palabra.<br>▪ B4.3. Tempos verbais: presente, pasado e futuro.<br>▪ B4.4. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación. | semánticos), así como as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz. | tempos verbais: presente, pasado e futuro, ao producir textos orais e escritos. | tempos verbais nas súas producións tanto orais como escritas. | | ▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB4.1.3. Diferenza familias de palabras. | ▪ Diferenza familias de palabras. | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB4.1.4. Utiliza as normas ortográficas básicas. | ▪ Utiliza as normas ortográficas básicas. | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ e | ▪ B4.5. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.<br>▪ B4.6. Vocabulario. Frases feitas. Formación de substantivos, adxectivos e verbos. Recursos derivativos: prefixos e sufixos.<br>▪ B4.7. Recoñecemento dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado. | ▪ B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua. | ▪ LCB4.2.1. Utiliza palabras sinónimas, antónimas, polisémicas, frases feitas, na expresión oral e escrita. | ▪ Utiliza sinónimos, antónimos, polisemias e frases feitas | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB4.2.2. Utiliza, segundo modelo, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. | ▪ Emprega sufixos e prefixos correctamente | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB4.2.3. Recoñece a oración simple, distingue suxeito e predicado. | ▪ Recoñece suxeito e predicado nunha oración simple | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B4.8. Clases de nomes: comúns e propios.<br>▪ B4.9. As relacións gramaticais Recoñecemento e explicación reflexiva das relacións que se establecen entre o substantivo e o resto dos compoñentes do grupo nominal. | ▪ B4.3. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua. | ▪ LCB4.3.1. Clasifica e usa os tipos de nomes para elaborar textos escritos sinxelos | ▪ Clasifica e emprega os distintos tipos de nomes | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB4.3.2. Aplica as normas de concordancia de xénero e número, na expresión oral e escrita. | ▪ Concorda xénero e número na expresión oral e escrita | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB4.3.3. Aplica, con axuda, as normas de acentuación (sílabas tónicas) nas súas producións escritas. | ▪ Iníciase nas normas de acentuación e no uso da til | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB4.3. 4. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas. | ▪ Utiliza signos de puntuación nas composicións escritas. | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LCB4.3.5. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias. | ▪ Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | ▪ Fichas |
| ▪ e<br>▪ i | ▪ B4.10. Utilización do material multimedia educativo ao seu alcance e propio da súa idade. | ▪ B4.4. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe. | ▪ LCB4.4.1. Utiliza de forma guiada, distintos programas educativos dixitais. | ▪ Coñece algúns programas educativo dixitais e tenta usalos | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Estacións |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B4.11. Valoración da diversidade da lingua na nosa comunidade autónoma. | ▪ B4.5. Valorar a diversidade lingüística da comunidade autónoma. | ▪ LCB4.5.1. Valora a diversidade lingüística da comunidade autónoma. | ▪ Valora o uso do galego | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B4.12. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. | ▪ B4.6. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada. | ▪ LCB4.6.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece. | ▪ Iniciase na comparación de algúns aspectos das linguas que coñece. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Asemblea |
| | BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | | |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B5.1. Valoración dos textos literarios como fonte de gozo persoal. | ▪ B5.1. Valorar os textos literarios como fonte de lecer e información. | ▪ LCB5.1.1. Valora e recoñece de forma global, distintos textos literarios sinxelos, como fonte de lecer e de información. | ▪ Interésase pola literatura | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Asemblea |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B5.2. Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.<br>▪ B5.3. Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais.<br>– Identificación de recursos literarios moi básicos. | ▪ B5.2. Facer a lectura expresiva e interpretativa de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria. | ▪ LCB5.2.1. Realiza, de xeito guiado, lecturas comentadas de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. | ▪ Realiza con axuda lecturas comentadas | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LCB5.2.2. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións) | ▪ Iniciase na interpretación da linguaxe figurada, con axuda. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B5.4. Valoración de recursos literarios. | ▪ B5.3. Valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. | ▪ LCB5.3.1. Valora os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas. | ▪ Gústanlle escoitar algúns recursos literarios adaptados a súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B5.5. Creación de textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro. | ▪ B5.4. Reproducir a partir de modelos dados textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos e poemas. | ▪ LCB5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios moi sinxelos (contos, poemas) a partir de pautas ou modelos dados. | ▪ Crea textos literarios sinxelos | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Caderno |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B5.6. Comprensión, memorización e recitado de textos literarios co ritmo, entoación e dicción adecuados. | ▪ B5.5. Reproducir textos literarios breves e sinxelos e adaptados á idade. | ▪ LCB5.5.1. Memoriza e reproduce textos orais moi sinxelos adecuados á súa idade: contos, poemas ou cancións. | ▪ É capaz de reproducir de memoria algúns textos orais sinxelos | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| ▪ d<br>▪ e | ▪ B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios. | ▪ B5.6. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade. | ▪ LCB5.6.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios breves e sinxelos, axeitados á súa idade. | ▪ Iníciase na participación de pequenas dramatizacións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Provas |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. | ▪ B.5.7. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. | ▪ LCB.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de lecer persoal. | ▪ Iníciase na utilización da literatura como vehículo de comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

### *4.2.2.Temporalización*

Para esta materia non se realiza a principio de curso unha temporalización pechada que faga corresponder cada un dos contidos a tratar cunha das semanas lectivas do curso. Os contidos iranse traballando en función dos intereses do alumnado e das necesidades que o docente vaia percibindo no grupo - clase.

O papel do docente será ir dirixindo e redireccionando as inquedanzas dos discentes, ilas adaptando ao currículo de 3º e asegurarse da adquisición de cada unha das competencias e do tratamento de cada un dos distintos contidos do curso.

Máis alá do momento en que se vaia a traballar cada un dos conceptos, o importante é que se traballen todos.

A través deste documento, o docente poderá rexistrar, de forma diaria e sistemática, o traballo realizado e as aprendizaxes adquiridas. Deste xeito, a temporalización irase realizando de xeito semanal ou quincenal. Así, asegurámonos de que o aprendizaxe é o máis significativo posible para o alumnado, xa que a temporalización vaise creando en función dos seus propios intereses, das aprendizaxes que xa teñen adquiridas e das necesidades do grupo, tendo sempre en conta as esixencias do currículo.

### *4.2.3.Concrecións metodolóxicas*

A metodoloxía que se vai empregar procurará unha aprendizaxe significativa, dándolle ao labor didáctico un enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñerei especial atención nun trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais. Promoverei un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais. Tentarase que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real. Na medida das posibilidades empregaranse recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Tentarei desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas. Atenderei aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoverei unha educación inclusiva. A lectura e a súa promoción terá un tratamento específico dentro da aula

Os métodos utilizados deben enfocarse á posibilitar a realización de tarefas que o alumnado deba resolver facendo uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores. O traballo por proxectos resulta especialmente relevante para a aprendizaxe por competencias pois permite aplicar a contextos da vida real ou verosímiles as aprendizaxes realizadas, e motiva para aprender máis ao xerar nos nenos e nenas a curiosidade e a necesidade de adquirir novos coñecementos, destrezas, actitudes e valores na resolución do proxecto. A integración das TIC nas actividades de ensino- aprendizaxe debe darse sempre no marco de proxectos de comunicación, inscritos en situacións reais, que teñan sentido para o alumnado e cuxa finalidade sexa a produción e a comprensión de textos reais tanto de carácter oral como escrito. Así mesmo, nas decisións metodolóxicas deben terse en conta a atención á diversidade e a consideración dos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe do alumnado, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas, e potencien a inclusión do alumnado

### *4.2.4.Materiais e recursos didácticos*

Para a área de lingua castelá empregaremos:

- ✓ Bolígrafo, lapis, goma e afialapis
- ✓ Un caderno grande “Cuadrovía Lamela” de 3 mm
- ✓ Un arquivador de 4 argolas para ir arquivando o traballo rematado
- ✓ Diverso material escolar (tesoira, pegamento, lapis de cores, ceras, rotuladores, ...)
- ✓ O ordenador e a lousa dixital da aula
- ✓ Os ordenadores da biblioteca
- ✓ Dicionario de lingua castelá
- ✓ Contos, narracións, poesía,
- ✓ Xornais
- ✓ Libros dos itinerarios lectores da biblioteca
- ✓ Revistas, xornais, folletos, carteis, ...
- ✓ Quebracabezas, puzles, xogos de mesa, ...

## *4.2.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

### 4.2.5.1. Momentos da avaliación

*Avaliación inicial*

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial de cada área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Despois desta reflexión inicial o alumno realizará unha pequena avaliación inicial de cada unidade para ir adaptando o nivel nas competencias básicas e o contido da materia

*Avaliación continua*

A avaliación será continua e formativa , tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- Recollida periódica do caderno.
- Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais
- Exposicións orais, traballos, informes..
- Traballos en grupo

Estableceranse as medidas mais adecuadas para que as condicións de realización da avaliación se adapta ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

*Avaliación final*

1.Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

2.Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

**Criterios de cualificación:**

*ASPECTOS VALORADOS*

COÑECEMENTOS

- Competencia lectora
- Comprensión oral
- Competencia expresiva
- Coñecementos lingüísticos

Utilizarei probas de avaliación, exames escritos u orais, probas de avaliación lectora, traballos individuais ou colectivos… **50%**

TRABALLO

- Traballo diario en clase.
- Actividades de clase.
- Deberes.
- Caderno de clase. **40%**

ACTITUDE

- Motivación, interese.
- Esforzo, atención, participación.
- Comportamento, respecto das normas de aula e de centro, colaboración **10%.**

### *4.2.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

No primeiro mes de clase, realizaranse unha serie de probas e exercicios para determinar os coñecementos que o alumnado xa ten adquiridos e os que non.

Ao tratarse de nenos e nenas de 3º curso, será necesario deseñar probas moi variadas que avalíen tamén o estado madurativo do alumno/-a, o nivel de autonomía, a asimilación das normas, o interese polo colexio, a disposición para aprender, ...

Faranse polo tanto algunhas pequenas probas de lectura e de escritura, probas orais de comprensión, de razoamento, de lóxica, ...

Nesta idade é moi importante que a avaliación teña tamén en conta a observación diaria e sistemática de cada un dos nenos e nenas dentro da aula, xa que isto aporta moitos datos e moita información do alumnado de xeito individual e tamén a nivel de grupo.

O departamento de orientación, pasará tamén unhas probas específicas a toda a clase, tanto para apoiar esta avaliación inicial, como para detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo.

A base é que o alumnado elabore significados propios a partir dos coñecementos adquiridos con anterioridade. Os puntos de partida de calquera actividade deberán ser as experiencias ou coñecementos previos, así como a realidade máis próxima ao alumnado, de xeito que isto posibilite a construción de novas aprendizaxes sobre o xa aprendido.

Polo tanto, o feito de ter en conta os resultados da avaliación inicial, é un punto clave para que o proceso de ensinanza aprendizaxe funcione.

Por suposto, o alumnado presentará resultados moi diversos e mostrará distintos niveis de aprendizaxe. Estes resultados son os que deben guiar a práctica docente. En base a estes resultados, debe axustarse a programación e o proceso de individualización dentro da aula.

### *4.2.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

B1.3. Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso cunha secuencia lineal sinxela.

B2.1. Lectura, en silencio e en voz alta, de distintos tipos de texto próximos á súa experiencia. diversas fontes (produción didáctica, gravacións, medios de comunicación).

B3.1. Produción de textos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.

B4.2. Recoñecemento das distintas clases de palabras (nome, verbo, adxectivo, pronomes, artigos). Características e uso de cada clase de palabra.

B4.3. Tempos verbais: presente, pasado e futuro.

B4.4. Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

B4.7. Recoñecemento dos constituíntes oracionais: a oración simple, suxeito e predicado

B5.5. Creación de textos literarios moi sinxelos, en prosa ou en verso: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.

### *4.2.8. Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020*

LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.

LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).

LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.

LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.

LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.

LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.

LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos

### *4.2.9. Plan de recuperación*

En lingua castelá sería conveniente afondar na escritura en libreta cun reforzo no uso das maiúsculas para lembralo. Ademais traballaremos desde o primeiro día a lectura e a comprensión lectora, a produción de textos de diversa tipoloxía así como a ortografía e a caligrafía.

## 4.3. Lingua galega e literatura.

### *4.3.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación*

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR | | | | | |
| ▪ a<br>▪ e | ▪ B1.1. Comprensión e valoración de textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, con especial incidencia na noticia, para obter información xeral, | ▪ B1.1. Comprender textos orais sinxelos dos medios de comunicación, extraendo o sentido global e información específica. | ▪ LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo dos medios de comunicación, extraendo o sentido global da mensaxe. | ▪ Comprende o sentido global dun texto oral de uso cotiá. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Fichas<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.1.2. Identifica *quen*, *que* e *onde* | ▪ Recoñece a información | ▪ CCL | ▪ Observación |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | específica e relevante, sobre feitos e acontecementos que resulten significativos e elaboración dun breve resumo. | | nunha noticia. | básica dunha noticia | ▪ CAA | ▪ Traballos<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.1.3. Elabora un breve resumo, a partir de preguntas, dun texto oral sinxelo e valora os informativos da radio e da televisión como fonte de información. | ▪ Resume a idea xeral dun texto oral | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B1.2. Uso de documentos impresos, dixitais e audiovisuais para obter, informacións relevantes para realizar tarefas de aprendizaxe. | ▪ B1.2. Utilizar os documentos audiovisuais como instrumento de aprendizaxe. | ▪ LGB1.2.1. Usa e manexa documentos impresos, audiovisuais e dixitais para obter a información máis importante e necesaria. | ▪ Obtén información de distintos tipos de documentos | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.2.2. Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais para realizar tarefas de aprendizaxe | ▪ Selecciona informacións relevantes dos documentos audiovisuais | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase). | ▪ B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico. | ▪ LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo adecuadamente. | ▪ Participa nas conversas. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSEIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.3.2. Segue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as informacións máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión. | ▪ Segue as explicacións da aula, preguntando se non entende. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido. | ▪ Crea e reproduce textos orais breves ante a clase | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Provas |
| | | | ▪ LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo. | ▪ Participa no traballo en grupo. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Equipos<br>▪ Traballos |
| ▪ a | ▪ B1.4. Actitude de escoita adecuada | ▪ B1.4. Manter unha actitude de | ▪ LGB1.4.1. Atende as intervencións dos | ▪ Atende as intervencións | ▪ CCL | ▪ Observación |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ c<br>▪ e | ante situacións comunicativas, respectando as e opinións de quen fala e sen interrupcións inadecuadas. | escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais. | e das demais, en conversas e exposicións sen interromper. | sen interromper. | ▪ CSC | ▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.4.2. Respecta as opinións da persoa que fala. | ▪ É respectuoso coas opinións dos demais | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Equipos |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas (expresións espontáneas, informacións, conversas reguladores da convivencia, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, posturas e xestos adecuados). | ▪ B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral. | ▪ LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. | ▪ Respecta as quendas de palabra. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Equipos |
| | | | ▪ LGB1.5.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais. | ▪ É respectuoso coas opinións dos demais | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Equipos |
| | | | ▪ LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela. | ▪ Utiliza e valora o uso da lingua galega. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.5.4. Emprega unha postura e xestualidade que transmite predisposición para interactuar cos demais. | ▪ Interactúa correctamente nas conversas cos outros | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación |
| | | | ▪ LGB1.5.5. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas. | ▪ Fala cunha pronuncia e dicción correctas. | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación |
| | | | ▪ LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas. | ▪ Participa nunha conversa | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B1.6. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: entoación, ritmo e xestualidade. | ▪ B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados. | ▪ LGB1.6.1. Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade. | ▪ Fala de xeito coherente e cun vocabulario adecuado | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.6.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos. | ▪ Fala empregando nexos de xeito coherente | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.6.3. Amosa un discurso oral, claro, cunha pronuncia e entoación axeitadas e propias da lingua galega. | ▪ Fala galego cunha boa pronuncia e entoación | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ | ▪ B1.7. Produción de textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación social coa axuda de modelos sinxelos e en situación de simulación. | ▪ B1.7. Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación. | ▪ LGB1.7.1. Elabora textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación mediante simulación. | ▪ Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Traballos |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B1.8. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida. | ▪ B1.8. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. | ▪ LGB1.8.1. Amosa respecto ás ideas e achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | ▪ Respecta as ideas dos outros e contribúa ao traballo en equipo | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Equipos |
| ▪ e | ▪ B1.9. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas. | ▪ B1.9. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas. | ▪ LGB1.9.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo. | ▪ Ten interese por expresarse en lingua galega con corrección. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CSIEE | ▪ Observación |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.10. Uso, de forma xeral, dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | ▪ B1.10. Usar, de forma xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. | ▪ LGB1.10.1. Usa, de forma xeral, unha linguaxe non sexista. | ▪ Usa unha linguaxe non sexista. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación |
| | | | ▪ LGB1.10.2. Identifica o uso de linguaxe discriminatoria e sexista evidente. | ▪ Identifica o uso dunha linguaxe non respectuosa | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.11. Comparación de textos orais sinxelos producidos en diferentes variedades dialectais da lingua galega. | ▪ B1.11. Comparar textos orais sinxelos producidos en diferentes variedades dialectais da lingua galega. | ▪ LGB1.11.1. Compara textos orais sinxelos producidos en diferentes variedades dialectais da lingua galega. | ▪ Comprende a existencia de distintas variedades dialectais | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.12. Identificación da lingua galega con diversos contextos de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais (sanidade, educación, medios de comunicación...) e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | ▪ B1.12. Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral. | ▪ LGB1.12.1. Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais: sanidade, educación, medios de comunicación... | ▪ Identifica o galego en distintos contextos | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB1.12.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas. | ▪ Recoñece a posibilidade de expresarse en galego en diversas situacións. | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ l<br>▪ j | ▪ B2.1. Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social: correspondencia escolar, normas da clase, normas do comedor, normas | ▪ B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis). | ▪ LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. | ▪ Comprende o sentido global dun texto sinxelo de uso cotiá dos medios de comunicación social | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | do transporte e regras de xogos.<br>▪ B2.2. Comprensión de información xeral en textos sinxelos procedentes dos medios de comunicación social (incluídas webs infantís) con especial incidencia na noticia e nas cartas á dirección do xornal, localizando informacións destacadas en portadas, titulares, subtítulos, entradas.<br>▪ B2.3. Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descricións, instrucións e explicacións). | | ▪ LGB2.1.2. Identifica as ideas principais dun texto sinxelo (narrativo, descritivo, expositivo). | ▪ Identifica a idea principal dun texto sinxelo | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo. | ▪ Busca información en diversos textos de uso cotiá | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ LGB2.1.4. Interpreta, personificacións e hipérboles en textos sinxelos. | ▪ Interpreta, personificacións e hipérboles en textos sinxelos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB2.1.5. Identifica a estrutura xeral dun texto. | ▪ Crea pequenos textos ben estruturados | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB2.1.6. Emprega o dicionario, de xeito guiado, para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos. | ▪ É quen de buscar palabras nun dicionario | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.4. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender e contrastar información, identificando e interpretando os datos que se transmiten mediante sinxelos gráficos e ilustracións. | ▪ B2.2. Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de sinxelos gráficos, e ilustracións. | ▪ LGB2.2.1. Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de sinxelos gráficos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña. | ▪ Comprende a información das ilustracións e relaciónaa co texto | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE<br>▪ CMCT | ▪ Observación<br>▪ Fichas<br>▪ Caderno |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.5. Subliñado e resumo da información relevante dun texto sinxelo adecuado ao seu nivel. | ▪ B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido. | ▪ LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. | ▪ Subliña a idea principal dun texto sinxelo | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Fichas<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo. | ▪ É quen de resumir un texto sinxelo | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Fichas<br>▪ Traballos |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.6. Iniciación ás estratexias de control do proceso lector (anticipación, formulación de hipóteses, relectura...). | ▪ B2.4. Utilizar, de maneira xeral, estratexias para mellorar a lectura. | ▪ LGB2.4.1. Deduce, de maneira xeral, o posible contido dun texto antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións. | ▪ Deduce previamente o posible contido dun texto | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a | ▪ Marca as palabras clave para a | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | comprensión, cando é preciso. | comprensión dun texto | ▪ CSIEE | ▪ Fichas |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B2.7. Uso dirixido das tecnoloxías da información e das bibliotecas para obter información e modelos para a lectura. | ▪ B2.5. Utilizar de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura. | ▪ LGB2.5.1. Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da información para obter información e modelos para a lectura. | ▪ Obtén información empregando o ordenador ou a tablet | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Estacións |
| | | | ▪ LGB2.5.2. Utiliza de xeito guiado dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto. | ▪ É quen de buscar palabras nun dicionario dixital | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Estacións |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B2.8. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos sinxelos en galego adaptados á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos. | ▪ B2.6. Ler, en silencio ou en voz alta, textos sinxelos en galego, adaptados á súa idade e aos seus intereses. | ▪ LGB2.6.1. Descodifica sen dificultade as palabras. | ▪ Relaciona as palabras que le co seu significado | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación |
| | | | ▪ LGB2.6.2. Le textos sinxelos en voz alta sen dificultade. | ▪ Le textos sinxelos en voz alta | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| | | | ▪ LGB2.6.3. Le textos, adaptados e próximos á súa experiencia, en silencio, sen dificultade. | ▪ Le textos sinxelos en silencio | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B2.9. Uso da biblioteca respectando as súas normas de funcionamento e valorándoa como fonte de información e de ocio e participación en actividades literarias.<br>▪ B2.10. Valoración das normas de funcionamento da biblioteca como recurso para acceder facilmente a información moi variada e manter un ambiente agradable de traballo e lecer. | ▪ B2.7.Usar as bibliotecas de aula, e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento, e participar en actividades literarias. | ▪ LGB2.7.1. Utiliza as biblioteca de aula e de centro respectando as normas básicas do seu o funcionamento. | ▪ Emprega a biblioteca e respecta as súas normas | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Estacións |
| | | | ▪ LGB2.7.2. Valora as bibliotecas de aula e de centro como instrumento cotián de busca de información e fonte de recursos textuais diversos. | ▪ Gústalle empregar a biblioteca | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Estacións |
| | | | ▪ LGB2.7.3. Participa en actividades literarias do centro. | ▪ Participa en actividades literarias do centro | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B2.11. Mantemento adecuado da súa biblioteca persoal. | ▪ B2.8. Ter interese por ter unha biblioteca propia. | ▪ LGB2.8.1. Coida, conserva e organiza os seus libros. | ▪ Coida e mantén ordenados os libros | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Estacións |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B2.12. Interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e como medio de comunicación de e de lecer. | ▪ B2.9. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer. | ▪ LGB2.9.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación e de lecer. | ▪ Valora a lectura como fonte de aprendizaxe e comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Estacións |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ m | ▪ B2.13. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais. | ▪ B2.10. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias. | ▪ LGB2.10.1. Selecciona textos do seu interese, en función dos seus gustos e preferencias. | ▪ É autónomo seleccionando textos da súa preferencia | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Estacións |
| | BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e | ▪ B3.1. Uso das estratexias de planificación, de textualización e revisión como partes do proceso escritor. | ▪ B3.1. Usar, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto. | ▪ LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información. | ▪ Estrutura o texto antes de comezar a escribir | ▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. | ▪ Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno |
| | | | ▪ LGB3.1.3. Aplica, de forma xeral, os signos de puntuación (punto, coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación). | ▪ Emprega signos de puntuación nos seus textos | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno |
| | | | ▪ LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, léxico, morfosintaxe. | ▪ Aplica as normas aprendidas aos seus textos | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Caderno |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B3.2. Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social (correspondencia escolar, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, solicitudes, instrucións…, de acordo coas características propias destes xéneros. | ▪ B3.2. Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir e resumir, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación. | ▪ LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas de convivencia, avisos, instrucións… | ▪ Crea textos propios da vida cotiá en diversos soportes | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Estacións |
| | | | ▪ LGB3.2.2. Redacta textos xornalísticos (noticias) e publicitarios (anuncios e carteis) de xeito creativo. | ▪ Iníciase na creación de noticias e textos publicitarios | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ LGB3.2.3. Elabora diferentes tipos de textos (narrativos e descritivos) seguindo un guión establecido. | ▪ Crea distintos tipos de textos | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ LGB3.2.4. Escribe textos coherentes | ▪ Os seus textos son | ▪ CCL | ▪ Observación |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | empregando algúns elementos de cohesión. | coherentes | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Caderno |
| | | | ▪ LGB3.2.5. Resume brevemente o contido de textos sinxelos, a partir de preguntas, propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación. | ▪ É quen de resumir textos sinxelos | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Traballos |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ j | ▪ B3.4. Produción de textos relacionados co ámbito académico para comunicar información (cuestionarios, resumos, descricións, explicacións). | ▪ B3.4. Elaborar textos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal. | ▪ LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics. | ▪ Iníciase na creación de cómics e carteis | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.5. Creación de textos sinxelos con intención informativa utilizando a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómics. | ▪ B3.5. Usar de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. | ▪ LGB3.5.1. Usa de xeito guiado, programas informáticos de procesamento de texto. | ▪ Emprega editores de texto para tarefas sinxelas | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Estacións |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ j | ▪ B3.6. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos. | ▪ B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos. | ▪ LGB3.6.1. Usa recursos gráficos e paratextuais sinxelos (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía) para facilitar a comprensión dos textos.<br>▪ LGB3.6.2. Ilustra creativamente os seus textos con imaxes redundantes co seu contido. | ▪ Ilustra os seus textos de xeito creativo | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CSIEE | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Traballos |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B3.7. Utilización de elementos gráficos e paratextuais sinxelos, para facilitar a comprensión (ilustracións, subliñados, gráficos e tipografía).<br>▪ B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.<br>▪ B3.9.Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención, de reelaboración da información e dos coñecementos e | ▪ B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | ▪ LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, entreliñado, … | ▪ Coida a presentación dos seus traballos e tarefas | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. | ▪ Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | de expresión creativa. | | | | | |
| | BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA | | | | | |
| ▪ e | ▪ B4.1. Uso e identificación intuitiva de terminoloxía moi elemental nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados, enunciado, palabra e sílaba, xénero e número, determinantes e formas verbais. | ▪ B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento na mellora do uso da lingua. | ▪ LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, enunciados, palabras e sílabas. | ▪ Recoñece enunciados, palabras e sílabas | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.1.2. Identifica as formas verbais. | ▪ Identifica as formas verbais | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.1.3. Separa as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. | ▪ Separa silabas e diferencia tónicas e átonas | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.1.4. Identifica nun texto substantivos e adxectivos. | ▪ Identifica substantivos e adxectivos | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.1.5. Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo. | ▪ Sinala o xénero e número de palabras dadas e é quen de cambialo. | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ b<br>▪ e | ▪ B4.2. Uso das normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas nos escritos. | ▪ B4.2. Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas. | ▪ LGB4.2.1. Aprecia o valor social das normas ortográficas e a necesidade de cinguirse a elas. | ▪ Comprende a necesidade das normas ortográficas | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.2.2. Utiliza as normas ortográficas básicas, aplicándoas nas súas producións escritas, con especial atención ás maiúsculas. | ▪ Procura respectar as normas ortográficas que coñece | | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ e | ▪ B4.3. Comparación e transformación de enunciados, mediante inserción, supresión, cambio de orde, segmentación e recomposición, para xulgar sobre a gramaticalidade dos resultados.<br>▪ B4.4. Comparación de estruturas sintácticas elementais para observar a súa equivalencia | ▪ B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe elemental nas producións orais e escritas. | ▪ LGB4.3.1. Emprega, de forma xeral, os signos de puntuación. | ▪ Emprega signos de puntuación | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.3.2. Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións. | ▪ Usa unha sintaxe elemental adecuada nas súas producións. | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.3.3. Respecta, de xeito xeral, as normas morfosintácticas de colocación | ▪ Emprega correctamente os pronomes | ▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Caderno |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | semántica ou posibles alteracións do significado.<br>▪ B4.5. Inserción e coordinación de oracións como instrumento na mellora da composición escrita. | | do pronome átono. | | ▪ CCEC | ▪ Fichas |
| ▪ e | ▪ B4.6. Exploración das posibilidades do uso de diversos enlaces entre oracións (adición, causa), en relación coa composición de textos. | ▪ B4.4. Recoñecer e empregar conectores básicos. | ▪ LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: adición e causa. | ▪ Emprega conectores básicos entre oracións | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B4.7. Uso do dicionario, en papel ou electrónico, de xeito guiado. | ▪ B4.5. Usar o dicionario en papel ou electrónico, de xeito guiado. | ▪ LGB4.5.1. Usa o dicionario en papel ou dixital de xeito guiado. | ▪ É quen de buscar palabras no dicionario | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B4.8. Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas básicas, en relación coa compresión e coa produción de textos. | ▪ B4.6. Identificar palabras compostas e derivadas, así como sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas, para comprender e producir textos. | ▪ LGB4.6.1. Recoñece palabras derivadas e compostas, identificando e formando familias de palabras. | ▪ Recoñece palabras derivadas e compostas e é quen de formar familias de palabras | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| | | | ▪ LGB4.6.2. Recoñece e usa sinónimos, antónimos e palabras polisémicas básicas. | ▪ Recoñece e usa sinónimos, antónimos e polisemias | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B4.9. Valoración da lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | ▪ B4.7. Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | ▪ LGB4.7.1. Valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. | ▪ Valora a lingua galega e o seu uso en distintos ámbitos | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B4.10. Comparación entre aspectos das linguas que coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos, recoñecer as posibles interferencias e lograr unha competencia comunicativa integrada. | ▪ B4.8. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que coñece ou está a aprender para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega, recoñecer as posibles interferencias e lograr unha competencia comunicativa integrada. | ▪ LGB4.8.1. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas moi evidentes e básicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe. | ▪ Identifica diferenzas e semellanzas entre as distintas linguas que coñece | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA | | | | | |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B5.1. Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral.<br>▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | ▪ B5.1. Escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos sinxelos, procedentes da literatura galega en xeral, e da literatura galega popular en particular. | ▪ LGB5.1.1. Escoita, memoriza e reproduce textos sinxelos procedentes da literatura popular oral galega (adiviñas, lendas, contos, poemas, cancións, ditos) e da literatura galega en xeral. | ▪ Reproduce textos sinxelos de memoria | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Provas |
| | | | ▪ LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. | ▪ Valora a literatura galega | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Estacións |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses do alumnado.<br>▪ B5.4. Lectura guiada e expresiva de textos narrativos da literatura infantil, adaptacións breves de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes. | ▪ B5.2. Ler textos e obras en galego adaptadas á idade e en diferentes soportes. | ▪ LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. | ▪ Le en silencio en distintos soportes | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Provas<br>▪ Estacións |
| | | | ▪ LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións breves de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. | ▪ Le en voz alta en distintos soportes | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Provas<br>▪ Asemblea |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.5. Lectura guiada de poemas, de relatos e de obras, recoñecendo as características dalgúns modelos. | ▪ B5.3. Identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados.. | ▪ LGB5.3.1. É quen de identificar o xénero literario ao que pertencen uns textos dados: narrativa, poesía e teatro. | ▪ Identifica narrativa, poesía e teatro | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Asemblea |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos. | ▪ B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos sinxelos. | ▪ LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas. | ▪ Iníciase na elaboración de pequenos poemas | ▪ CCL<br>▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos |
| ▪ b<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de situacións de textos literarios. | ▪ B5.5. Participar activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios. | ▪ LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de situacións e de textos literarios. | ▪ Participa nas dramatizacións | ▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Estacións |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e | ▪ B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como | ▪ B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de | ▪ LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo | ▪ Gústalle ler | ▪ CCL<br>▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Estacións |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COM. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ o | vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal. | gozo persoal. | persoal. | | | |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B5.9. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas.<br>▪ B5.10. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. | ▪ B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. | ▪ LGB5.7.1. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. | ▪ Amosa curiosidade polo coñecemento doutras costumes respectando a diversidade cultural. | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

### *4.3.2.Temporalización*

Para esta materia non se realiza a principio de curso unha temporalización pechada que faga corresponder cada un dos contidos a tratar cunha das semanas lectivas do curso. Os contidos iranse traballando en función dos intereses do alumnado e das necesidades que o docente vaia percibindo no grupo - clase.

O papel do docente será ir dirixindo e redireccionando as inquedanzas dos discentes, ilas adaptando ao currículo de 3º e asegurarse da adquisición de cada unha das competencias e do tratamento de cada un dos distintos contidos do curso.

Máis alá do momento en que se vaia a traballar cada un dos conceptos, o importante é que se traballen todos.

A través deste documento, o docente poderá rexistrar, de forma diaria e sistemática, o traballo realizado e as aprendizaxes adquiridas. Deste xeito, a temporalización irase realizando de xeito semanal ou quincenal. Así, asegurámonos de que o aprendizaxe é o máis significativo posible para o alumnado, xa que a temporalización vaise creando en función dos seus propios intereses, das aprendizaxes que xa teñen adquiridas e das necesidades do grupo, tendo sempre en conta as esixencias do currículo.

### 4.3.3.Concrecións metodolóxicas

A lingua oral e a escrita, desenvolveranse a través dun traballo sistemático que utilice unha ampla gama de situacións comunicativas, cotiás e funcionais. Na vida diaria da escola prodúcense moitas situacións de comunicación oral que se potenciarán e aproveitarán para acadar obxectivos de área; entre estas situacións están: as comunicacións para planificar; chegar a consenso; poñer en común; debater; tomar decisións sobre procesos que se van seguir; establecer responsabilidades; comunicar resultados; comparar; contrastar respostas, opinións e significados; xustificar e verbalizar estratexias; valorar tarefas; transmitir emocións e informacións; estruturar coñecemento; defender argumentos e puntos de vista; preguntar... A práctica destas situacións colaborará no labor da lingua como vehículo e instrumento para a aprendizaxe das distintas áreas do currículo.

Esta área de Lingua galega e literatura está estreitamente relacionada coa de lingua castelá e literatura. Ambas áreas teñen unha distribución de contidos similar. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, polo que requiren dun tratamento e traballo específico, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade que presentan en ambas as áreas, precisan ser abordados de maneira parella.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

### *4.3.4.Materiais e recursos didácticos*

Para a área de lingua galega empregaremos:

- ✓ Bolígrafo, lapis, goma e afialapis
- ✓ Un caderno grande "Cuadrovía Lamela" de 3 mm
- ✓ Libro de texto da editorial Santillana
- ✓ Un arquivador de catro anellas para ir arquivando o traballo rematado
- ✓ Diverso material escolar (tesoira, pegamento, lapis de cores, ceras, rotuladores, ...)
- ✓ O ordenador e o proxector da aula
- ✓ Os ordenadores da biblioteca
- ✓ Libros de ficción e de consulta variados (da biblioteca de aula, da biblioteca do centro e os que o propio alumnado poida traer das súas casas)
- ✓ Revistas, xornais, folletos, carteis, ...
- ✓ Quebracabezas, puzles, xogos de mesa, ...

### *4.3.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

**Momentos da avaliación**

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial de cada área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Despois desta reflexión inicial o alumno realizará unha pequena avaliación inicial de cada unidade para ir adaptando o nivel nas competencias básicas e o contido da materia

*Avaliación continua*

A avaliación será continua e formativa, tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- Recollida periódica do caderno.
- Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais
- Exposicións orais, traballos, informes…
- Traballos en grupo

Estableceranse as medidas mais adecuadas para que as condicións de realización da avaliación se adapta ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

*Avaliación final*

1.Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

2.Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

Os criterios para a cualificación baséanse nas seguintes porcentaxes:

*ASPECTOS VALORADOS*

COÑECEMENTOS

- Competencia lectora
- Comprensión oral
- Competencia expresiva
- Coñecementos lingüísticos

Utilizarei probas de avaliación, exames escritos u orais, probas de avaliación lectora, traballos individuais ou colectivos… **50%**

TRABALLO

- Traballo diario en clase.
- Actividades de clase.
- Deberes.
- Caderno de clase. **40%**

ACTITUDE

- Motivación, interese.
- Esforzo, atención, participación.
- Comportamento, respecto das normas de aula e de centro, colaboración **10%.**

### 4.3.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados

No primeiro mes de clase, realizaranse unha serie de probas e exercicios para determinar os coñecementos que o alumnado xa ten adquiridos e os que non.

Ao tratarse de nenos e nenas de 3º curso, será necesario deseñar probas moi variadas que avalíen tamén o estado madurativo do alumno/-a, o nivel de autonomía, a asimilación das normas, o interese polo colexio, a disposición para aprender, ...

Faranse polo tanto algunhas pequenas probas de lectura e de escritura, probas orais de comprensión, de razoamento, de lóxica, ...

Nesta idade é moi importante que a avaliación teña tamén en conta a observación diaria e sistemática de cada un dos nenos e nenas dentro da aula, xa que isto aporta moitos datos e moita información do alumnado de xeito individual e tamén a nivel de grupo.

O departamento de orientación, pasará tamén unhas probas específicas a toda a clase, tanto para apoiar esta avaliación inicial, como para detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo.

A base é que o alumnado elabore significados propios a partir dos coñecementos adquiridos con anterioridade. Os puntos de partida de calquera actividade deberán ser as experiencias ou coñecementos previos, así como a realidade máis próxima ao alumnado, de xeito que isto posibilite a construción de novas aprendizaxes sobre o xa aprendido.

Polo tanto, o feito de ter en conta os resultados da avaliación inicial, é un punto clave para que o proceso de ensinanza aprendizaxe funcione.

Por suposto, o alumnado presentará resultados moi diversos e mostrará distintos niveis de aprendizaxe. Estes resultados son os que deben guiar a práctica docente. En base a estes resultados, debe axustarse a programación e o proceso de individualización dentro da aula.

### *4.3.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

B2.3. Comprensión de información relevante en textos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos descricións, instrucións e explicacións).

B2.8. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta, de textos sinxelos en galego adaptados á idade e aos intereses das alumnas e dos alumnos.

B3.4. Produción de textos relacionados co ámbito académico para comunicar información (cuestionarios, resumos, descricións, explicacións).

B3.6. Uso guiado de programas informáticos de procesamento de textos.

B3.8. Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica

B4.2. Uso das normas ortográficas básicas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cinguirse a elas nos escritos.

B4.8. Identificación de palabras compostas e derivadas, de sinónimos de antónimos e palabras polisémicas básicas, en relación coa compresión e coa produción de textos.

B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, preocupacións, desexos, estados de ánimo ou lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos.

### *4.3.8. Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020*

LCB1.6.1. Iníciase na utilización guiada dos medios audiovisuais e dixitais para obter información.

LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).

LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e Comunicación para buscar información.

LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos verbais: presente, pasado e futuro ao producir textos orais e escritos.

LCB4.2.3. Identifica o suxeito/grupo nominal e predicado nas oracións simples.

LCB4.4.2. Utiliza signos de puntuación nas súas composicións escritas.

LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos

### *4.3.9. Plan de recuperación*

En lingua castelá sería conveniente afondar na escritura en libreta cun reforzo no uso das maiúsculas para lembralo. Ademais traballaremos desde o primeiro día a lectura e a comprensión lectora, a produción de textos de diversa tipoloxía así como a ortografía e a caligrafía.

## 4.4. Ciencias sociais.

### *4.4.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e instrumentos de avaliación*

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B1.1.Iniciación ao coñecemento científico e a súa aplicación nas Ciencias sociais.<br>▪ B1.2.Proposta de traballo que xurda dun problema, acontecemento ou inquietude e que supoña un proceso de investigación e acción que garanta participación activa do alumnado e facilite o proceso de | ▪ B1.1.Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre a área (empregando as TIC e outras fontes), a realización dun produto, a documentación do proceso (a través do uso do cartafol) e a comunicación do | ▪ CSB1.1.1.Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. | ▪ Selecciona información relevante dun texto en distintos soportes | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CMCCT | ▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos<br>▪ Equipos |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | autorregulación de aprendizaxes.<br>▪ B1.3.Busca e selección de información utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso mediante o uso do cartafol e comunicación das conclusións.<br>▪ B1.4.Iniciativa emprendedora. Planificación, xestión e presentación dos proxectos co fin de acadar obxectivos. | resultados, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto. | ▪ CSB1.1.2.Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. | ▪ É autónomo na realización das tarefas, coida a presentación e asume responsabilidades | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos<br>▪ Equipos |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d | ▪ B1.5.Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material.<br>▪ B1.6.Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos. | ▪ B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates. | ▪ CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo e, emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático. | ▪ Traballa en equipo de xeito efectivo | ▪ CSC<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Equipos<br>▪ Estacións |
| ▪ h<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B1.7.Utilización da terminoloxía propia da área e do uso de textos de carácter social, xeográfico e histórico. | ▪ B1.3.Coñecer a terminoloxía propia da área e achegarse a comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico. | ▪ CSB1.3.1.Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico. | ▪ Comprende os textos propios da área | ▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Asemblea |
| | BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA | | | | | | |
| ▪ h | ▪ B2.1.Sistema solar: o Sol e os planetas. Deseño de maquetas, presentacións ou animacións empregando ás TIC como estratexia de reforzo da aprendizaxe. | ▪ B2.1.Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC. | ▪ CSB2.1.1.Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as | ▪ Identifica os principais elementos do sistema solar | ▪ CMCCT<br>▪ CD | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Provas<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | TIC. | | | | |
| ▪ h<br>▪ e | ▪ B2.2.O planeta Terra e a Lúa, o seu satélite. Características.<br>Os movementos da Terra e a Lúa e as súas consecuencias: as estacións do ano, o día e a noite. | ▪ B2.2.Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima. | ▪ CSB2 2.1.Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos. | ▪ Describe os movementos terrestres | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Provas<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CSB2.2.2.Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres. | ▪ Expón como se produce o día e a noite e as estacións | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Provas<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CSB2.2.3.Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas característica principais. | ▪ Identifica a Lúa e as súas características principais | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Provas<br>▪ Asemblea |
| ▪ h<br>▪ e | ▪ B2.3.As capas da Terra: características básicas. Formación dun volcán. Simulación da erupción dun volcán. Medidas para a prevención de danos. | ▪ B2.3.Identificar as capas da Terra segundo a súa estrutura sexa interna ou externa. Explicar que é un volcán, que acontece no momento da erupción e algunhas medidas de actuación básicas para a prevención de danos. | ▪ CSB2.3.1.Identifica, nomea e describe as capas da Terra. | ▪ Coñece as capas da terra | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Provas<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CSB2.3.2. Explica que é un volcán e que acontece cando entra en erupción e nomea algunha medida para previr danos. | ▪ Recoñece un volcán e as súas características básicas | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Asemblea |
| ▪ h<br>▪ g<br>▪ o | ▪ B2.4.Formas de representar a Terra. planos, mapas, planisferios e globos terráqueos. | ▪ B2.4.Identificar as distintas formas de representar a superficie terrestre e localizar o lugar no que vive. | ▪ CSB2.4.1.Recoñece as distintas formas de representación da Terra, planos, mapas, planisferios e globos terráqueos. | ▪ Recoñece as distintas formas de representación da Terra | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ h<br>▪ g<br>▪ o | ▪ B2.5.Cartografía. Planos e mapas. O planisferio. Escalas sinxelas. Signos convencionais básicos. Orientación no espazo. Identificación sobre planos e mapas | ▪ B2.5.Distinguir entre planos e mapas, incluíndo os planisferios, facendo sinxelas interpretacións con escalas e signos convencionais básicos sobre | ▪ CSB2.5.1. Diferencia entre plano, mapa e planisferios, interpreta unha escala sinxela nun mapa e identifica signos | ▪ Diferencia entre plano, mapa, planisferio e globo terráqueo | ▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | das diferentes rutas de acceso á escola, biblioteca,.. así como dalgúns elementos representativos da localidade. | mapas ou planos da súa entorna próxima. | convencionais máis usuais e básicos que poden aparecer nel. | | | | |
| ▪ h<br>▪ g | ▪ B2.6.Coñecemento e uso de diferentes técnicas, estratexias e instrumentos para orientarse no espazo. Puntos cardinais. | ▪ B2.6.Orientarse no espazo próximo empregando algunha técnica de orientación e instrumentos. | ▪ CSB2.6.1.Orientase no espazo empregando algunha técnica de orientación e instrumento. | ▪ Coñece distintos xeitos de orientarse | ▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Asemblea |
| ▪ h<br>▪ e | ▪ B2.7.A atmosfera. Fenómenos atmosféricos. As nubes e as precipitacións. | ▪ B2.7.Identificar a atmosfera como escenario dos fenómenos meteorolóxicos, coñecer algúns destes fenómenos máis frecuentes na súa contorna e explicar, de maneira sinxela como se forman as nubes e as precipitación. | ▪ CSB2.7.1.Identifica e nomea fenómenos atmosféricos e describe as causas que producen a formación das nubes e as precipitacións. | ▪ Identifica distintos fenómenos atmosféricos | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Asemblea |
| ▪ h<br>▪ g<br>▪ i<br>▪ e | ▪ B2.8.Tempo atmosférico. Instrumentos de medición de variables meteorolóxicas. Construción dunha estación meteorolóxica sinxela. As TIC para a recollida de datos e comparación da información obtida. | ▪ B2.8. Identificar os aparatos de medida que se empregan para na recollida de datos. Recoller datos empregando as TIC, representar e interpretar gráficos sinxelos e comparalos coa información na web e prensa dixital ou escrita. | ▪ CSB2.8.1.Identifica e sabe usar os distintos aparellos de medida que se utilizan para a recollida de datos atmosféricos. | ▪ Coñece distintos medios para a recollida de datos atmosféricos | ▪ CMCCT<br>▪ CD<br>▪ CAA | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Climograma<br>▪ Asemblea |
| | | ▪ B2.9. Coñecer cal e a función dunha estación meteorolóxica e facer pequenas observacións. | ▪ CSB2.9.1.Describe unha estación meteorolóxica, explica a súa función, confecciona e interpreta gráficos moi básicos de temperaturas e precipitacións. | ▪ Elabora e interpreta gráficos sinxelos de temperaturas e precipitacións | ▪ CSIEE<br>▪ CAA<br>▪ CMCCT | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Climograma<br>▪ Asemblea |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B2.9.Mapas do tempo atmosférico de Galicia. | ▪ B2.10 Interpretar o tempo atmosférico en mapas do tempo sinxelos da comunidade autónoma. | ▪ CSB2.10.1.Interpreta mapas do tempo sinxelos de Galicia distinguindo os seus elementos principais. | ▪ Interpreta un mapa do tempo sinxelo | ▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B2.10. O clima. Grandes zonas climáticas mundiais. Comparación | ▪ B2.11.Diferenciar entre clima e tempo atmosférico, recoñecer as | ▪ CSB2.11.1.Diferencia entre clima e tempo atmosférico. | ▪ Diferencia entre clima e tempo | ▪ CMCCT | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | do clima do contorno co de outras zonas. | tres grandes zonas climáticas mundiais e comparalas co clima do espazo no que vive. | | atmosférico | | | |
| | | | ▪ CSB2.11.2.Nomea as tres grandes zonas climáticas do planeta e identifica algunha característica principal que se identifique co clima da súa contorna. | ▪ Coñece as tres grandes zonas climáticas do planeta | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Provas<br>▪ Caderno |
| ▪ h<br>▪ e | ▪ B2.11. O ciclo da auga: fases. | ▪ B2.12. Explicar como se produce o ciclo da auga e as súas fases relacionándoos cos elementos da paisaxe da súa contorna próxima. | ▪ CSB2.12.1. Escribe ordenadamente as fases nas que se produce o ciclo da auga. | ▪ Coñece as fases do ciclo da auga | ▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Asemblea |
| ▪ h<br>▪ e<br>▪ o | ▪ B2.12.Paisaxe: definición, elementos básicos que caracterizan as paisaxes de Galicia. Características. | ▪ B2.13. Explicar que é unha paisaxe, os seus elementos básicos e recoñecer os distintos tipos de paisaxes de Galicia. | ▪ CSB2.13.1.Define paisaxe, identifica os seus elementos e recoñece as diferentes tipos de paisaxe básicas na comunidade autónoma. | ▪ Recoñece distintos tipos de paisaxe | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | ▪ B2.14. Localizar nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma e coñecer algunha característica relevante de cada un deles. | ▪ CSB2.14.1. Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe: unidades de relevo e ríos máis importantes da comunidade autónoma. | ▪ Localiza nun mapa os principais elementos da paisaxe | ▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B2.13.A intervención humana no medio próximo. A contaminación atmosférica e o cambio climático. Desenvolvemento sostible e consumo responsable. | ▪ B2.15. Explicar a importancia e as consecuencias da intervención humana no medio próximo valorando a necesidade dun desenvolvemento sostible. | ▪ CSB2.15.1.Explica o impacto e as consecuencias negativas que a acción humana ten sobre o medio máis próximo. | ▪ Explica as consecuencias negativas da acción humana sobre o medio | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CSB2.15.2.Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo. | ▪ Explica a importancia de coidar a atmosfera | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | ▪ CSB2.15.3 Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable. | ▪ Propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e un consumo responsable | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | BLOQUE 3. VIVIR EN SOCIEDADE | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B3.1.A organización social, política e territorial da localidades e comarca (función e organización). Elaboración dun mapa conceptual de toda a organización. | ▪ B3.1.Expoñer e explicar a organización social, política e territorial da contorna próxima a través da interpretación dun mapa mental. | ▪ CSB3.1.1.Describe a estrutura básica da organización social, política e territorial da contorna próxima. | ▪ Comprende a organización territorial e política da contorna | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B3.2.Manifestacións culturais e lingüísticas de Galicia | ▪ B3.2.Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística de Galicia respectando as diferenzas. | ▪ CSB3.2.1.Recoñece, partindo da realidade galega, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. | ▪ Recoñece a diversidade cultural e lingüística do territorio | ▪ CSC<br>▪ CEC | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ b<br>▪ h<br>▪ g | ▪ B3.3.Realización dun estudo demográfico da poboación no contexto do centro educativo que simule a poboación dun municipio manexando os conceptos básicos da demografía e representando e interpretando os datos en gráficas. | ▪ B3.3.Comprender os principais conceptos básicos demográficos, a través da realización do estudo demográfico da poboación no contexto do centro educativo, representar os datos en gráficas básicas e comunicar os resultados. | ▪ CSB3.3.1.Define demografía, comprende os principais conceptos demográficos e os representa en gráficas sinxelas. | ▪ Interpreta os datos dun estudo demográfico sinxelo | ▪ CSC<br>▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas<br>▪ Asemblea |
| ▪ h | ▪ B3.4.As actividades económicas e produtivas da localidade. Clasificación por sectores. Recursos naturais, materias primas e produtos elaborados. | ▪ B3.4.Distinguir entre materias primas e produtos elaborados e asocialos cos diferentes sectores produtivos e económicos da zona. | ▪ CSB3.4.1.Diferencia entre materias primas e produtos elaborados e os asocia cos diferentes sectores produtivos e económicos da contorna. | ▪ Diferencia entre materias primas e produtos elaborados | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Fichas |
| ▪ n<br>▪ h | ▪ B3.5.Educación Viaria. Adquisición de coñecementos básicos que contribúan a consolidar condutas e hábitos viarios correctos. | ▪ B3.5.Coñecer as normas básicas e sinxelas de circulación e utilizalas como persoa usuaria de medios de transporte. | ▪ CSB3.5.1.Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación. | ▪ Coñece, utiliza e respecta as normas básicas de circulación | ▪ CSC | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO | | | | | | |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B4.1. As pegadas da nosa historia: duración e datación dos feitos históricos máis significativos da contorna e de Galicia. Representación do tempo histórico a través de liñas do tempo. | ▪ B4.1.Coñecer as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos relevantes de Galicia. | ▪ CSB4.1.1.Recoñece o século como unidade de medida do tempo histórico e localiza feitos situándoos como sucesivos a. C o d. C | ▪ Recoñece o que é un século e o significado de a. C ou d. C | ▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CSB4.1.2.Sitúa nunha liña do tempo feitos do pasado da súa contorna datando os comezos e finais das épocas estudadas. | ▪ Recoñece algúns feitos históricos de Galicia | ▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Provas<br>▪ Asemblea |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B4.2.A Prehistoria. A cultura castrexa en Galicia.<br>▪ B4.3.A escritura como fonte histórica.<br>▪ B4.4.A Idade Antiga en Galicia. A romanización. | ▪ B4.2.Recoñecer algúns restos ou acontecementos da Prehistoria e Idade Antiga (culturais, artísticos, e feitos) que evidencien o paso do tempo en Galicia e permitan situalos temporalmente no transcurso da historia. | ▪ CSB4.2.1.Identifica no tempo e no espazo algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia, describindo algunha característica fundamental. | ▪ Identifica algúns dos restos ou acontecementos da Prehistoria e da Idade Antiga de Galicia | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Provas<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CSB4.2.2.Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia das manifestacións escritas como avances que supoñen a transición entre esas épocas. | ▪ Distingue entre prehistoria e historia recoñecendo a importancia da escritura | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Provas<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CSB4.2.3.Describe algúns aspectos relacionados coa forma de vida e as estruturas básicas de organización social da cultura castrexa. | ▪ Explica algúns aspectos da cultura castrexa | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Provas<br>▪ Asemblea |
| ▪ h<br>▪ o | ▪ B4.5.Vestixios do pasado localizados na contorna próxima como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da contorna | ▪ B4.3.Recoñecer algúns vestixios do pasado, presentes na contorna próxima, como fontes históricas para coñecer o pasado e como elementos integrantes da | ▪ CSB4.3.1.Identifica algúns vestixios do pasado na contorna e recoñece o seu valor como fonte histórica. | ▪ Identifica elementos históricos da comarca | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | actual. Os petróglifos e a arquitectura megalítica, castrexa e medieval. | contorna actual. | | | | | |
| ▪ d<br>▪ h<br>▪ o | ▪ B4.6.O noso patrimonio natural, histórico e cultural. Os espazos protexidos. | ▪ B4.4.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar. | ▪ CSB4.4.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico do contorno próximo e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora. | ▪ Valora a conservación do patrimonio máis próximo | ▪ CSC<br>▪ CCEC | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

### 4.4.2.Temporalización

Concretada no apartado anterior.

### 4.4.3.Concrecións metodolóxicas

A metodoloxía procurará unha aprendizaxe significativa, cun enfoque globalizador, e na medida das posibilidades lúdico e motivador. Poñerei especial atención ao trato individualizado, respectando as peculiaridades de cada neno, atendendo aos seus ritmos de aprendizaxe e aos seus intereses persoais. Promoverei un enfoque interdisciplinar das materias e unha aprendizaxe activa, na que o alumno sexa quen de construír a súa propia aprendizaxe, que se desenvolverá nun ambiente que promoverá o traballo cooperativo, fomentando a aprendizaxe entre iguais. Se tentará que as tarefas que se desenvolvan vaian orientadas á resolución de problemas da vida real. Na medida das posibilidades se empregarán recursos da rede e as achegas que as TIC fan ao mundo escolar, conscientes de que ese será o mundo no que se moverán os nosos alumnos. Daquela tentarei desenvolver un espírito crítico con respecto delas, explotando as súas posibilidades pero facendo un uso axeitado e seguro das mesmas. Atenderei aos distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado, e promoverei unha educación inclusiva.

É fundamental na área de Ciencias sociais o aproveitamento dos recursos propios da contorna, non soamente físicos, senón tamén humanos. Neste sentido, consideraranse as diferenzas interculturais como un aspecto enriquecedor que achega posibilidades de aprendizaxe.

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes partirase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional. Este proceso implica a secuenciación dos contidos partindo do que eles xa coñecen para así avanzar e ir de aprendizaxes máis simples cara outros máis complexos.

O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, a construción das aprendizaxes é persoal e, polo tanto, moi diversa polo que se presentarán propostas de traballo individual e de equipo que posibiliten a resolución conxunta das tarefas e favorezan a inclusión do alumnado.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

### *4.4.4.Materiais e recursos didácticos*

- Materiais
  - Libro de texto de Ciencias Sociais, editorial Vicens Vives.
  - Guía didáctica.
  - Murais.
  - Pizarra dixital.

- Recursos
  - Biblioteca de aula e de centro
  - Aula de informática.

- Material didáctico: Láminas de observación
- Recursos do entorno: (saídas, exposicións, teatro...)
- Contos para intercambio
- Recursos audiovisuais

## *4.4.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

### 4.4.5.1.Momentos da avaliación

*Avaliación inicial*

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial de cada área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Despois desta reflexión inicial o alumno realizará unha pequena avaliación inicial de cada unidade para ir adaptando o nivel nas competencias básicas e o contido da materia

*Avaliación continua*

A avaliación será continua e formativa, tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- Recollida periódica do caderno.
- Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais
- Exposicións orais, traballos, informes…
- Traballos en grupo

Estableceranse as medidas mais adecuadas para que as condicións de realización da avaliación se adapta ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

*Avaliación final*

1.Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

Os criterios para a cualificación baséanse nas seguintes porcentaxes:

*ASPECTOS VALORADOS*

CОÑECEMENTOS

- Coñecementos avaliados en exames, probas escritas e orais, traballos e proxectos de investigación individuais e colectivos. **50%**

TRABALLO

- Traballo diario en clase.
- Exercicios de clase.
- Deberes.
- Caderno de clase. **40%**

ACTITUDE

- Motivación, interese.
- Esforzo, atención, participación.
- Comportamento, respecto das normas de aula e de centro, colaboración no mantemento dun bo clima de aula. **10%.**

Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- ✓Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- ✓Suficiente: 5.
- ✓Ben: 6.
- ✓Notable: 7 ou 8.
- ✓Sobresaliente: 9 ou 10.

### *4.4.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

No primeiro mes de clase, realizaranse unha serie de probas e exercicios para determinar os coñecementos que o alumnado xa ten adquiridos e os que non.

Ao tratarse de nenos e nenas de 3º curso, será necesario deseñar probas moi variadas que avalíen tamén o estado madurativo do alumno/-a, o nivel de autonomía, a asimilación das normas, o interese polo colexio, a disposición para aprender, ...

Faranse polo tanto algunhas pequenas probas de lectura e de escritura, probas orais de comprensión, de razoamento, de lóxica, ...

Nesta idade é moi importante que a avaliación teña tamén en conta a observación diaria e sistemática de cada un dos nenos e nenas dentro da aula, xa que isto aporta moitos datos e moita información do alumnado de xeito individual e tamén a nivel de grupo.

O departamento de orientación, pasará tamén unhas probas específicas a toda a clase, tanto para apoiar esta avaliación inicial, como para detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo.

A base é que o alumnado elabore significados propios a partir dos coñecementos adquiridos con anterioridade. Os puntos de partida de calquera actividade deberán ser as experiencias ou coñecementos previos, así como a realidade máis próxima ao alumnado, de xeito que isto posibilite a construción de novas aprendizaxes sobre o xa aprendido.

Polo tanto, o feito de ter en conta os resultados da avaliación inicial, é un punto clave para que o proceso de ensinanza aprendizaxe funcione.

Por suposto, o alumnado presentará resultados moi diversos e mostrará distintos niveis de aprendizaxe. Estes resultados son os que deben guiar a práctica docente. En base a estes resultados, debe axustarse a programación e o proceso de individualización dentro da aula.

### *4.4.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

B1.3.Busca e selección de información utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación e outras fontes (directas e indirectas), organización, análise, documentación do proceso mediante o uso do cartafol e comunicación das conclusións.

B2.2.O planeta Terra e a Lúa, o seu satélite. Características. Os movementos da Terra e a Lúa e as súas consecuencias: as estacións do ano, o día e a noite.

B2.Formas de representar a Terra. planos, mapas, planisferios e globos terráqueos.

B2.7.A atmosfera. Fenómenos atmosféricos. As nubes e as precipitacións.

B2.11. O ciclo da auga: fases.

B2.13.A intervención humana no medio próximo. A contaminación atmosférica e o cambio climático. Desenvolvemento sostible e consumo responsable.

B3.4.As actividades económicas e produtivas da localidade. Clasificación por sectores. Recursos naturais, materias primas e produtos elaborados.

B3.5.Educación Viaria. Adquisición de coñecementos básicos que contribúan a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.

B4.1. As pegadas da nosa historia: duración e datación dos feitos históricos máis significativos da contorna e de Galicia. Representación do tempo histórico a través de liñas do tempo.

### 4.4.8. Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020

CSB1.3.1.Elabora algúns mapas mentais sinxelos como técnica básica de estudo.

CSB2.7.1.Identifica algúns minerais e rochas da súa contorna e coñece algúns usos aos que se destinan.

CSB4.4.1.Coñece a importancia que ten a conservación dos restos históricos para entender a historia da vida humana.

CSB4.5.1.Explica que é un museo e cales son as súas funcións.

### 4.4.9. Plan de recuperación

En C. Sociais farase sempre un pequeno repaso antes de cada tema principalmente nos relacionados ca historia e o paisaxe que quedaron sen explicar.

## 4.5.Ciencias da natureza.

### *4.5.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación*

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ i | ▪ B1.1. Realización de proxectos e presentación de resultados.<br>▪ B1.2. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.<br>▪ B1.3. Utilización básica de tratamento de textos para a presentación de traballos. | ▪ B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso. | ▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes. | ▪ Investiga e expón os resultados da investigación correctamente | ▪ CAA<br>▪ CCL<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | ▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Equipos<br>▪ Traballos<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións. | ▪ É autónomo na realización das súas tarefas | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Equipos |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ h | ▪ B1.4. Iniciación á actividade científica. | ▪ B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación, e obter unha información. | ▪ CNB1. 2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información. | ▪ Obtén información da observación do contorno | ▪ CAA<br>▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ m | ▪ B1.5. O traballo cooperativo.<br>▪ B1.6. Técnicas de estudo e traballo.<br>▪ B1.7. Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade. | ▪ B1.3. Traballar de forma cooperativa apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo un uso axeitado dos materiais. | ▪ CNB1.3.1. Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos. | ▪ Traballa en equipo de forma correcta | ▪ CAA<br>▪ CMCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ 1ª, 2ª e 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Equipos<br>▪ Estacións |
| | BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE | | | | | | |
| ▪ g<br>▪ k | ▪ B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento.<br>▪ B2.2. As funcións vitais. | ▪ B2.1. Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis | ▪ CNB2.1.1. Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global | ▪ Explica os cambios do corpo nas distintas etapas | ▪ CMCCT | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | ▪ Importancia dos sentidos en relación co medio.<br>▪ B2.3. Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas. | importantes para o seu funcionamento. | e os cambios nas distintas etapas da vida. | | | | |
| | | | ▪ CNB2.1.2. Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo. | ▪ Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia | ▪ CMCCT | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ g<br>▪ k<br>▪ m | ▪ B2.4. Saúde e enfermidade.<br>▪ B2.5. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.<br>▪ B2.6 Factores que producen as enfermidades máis habituais: carie, obesidade, gripe, catarros...<br>▪ B2.7. Coñecemento de si mesmo/a e dos e das demais: emocións e sentimentos propios e alleos.<br>▪ B2.8. A relación cos demais. Toma de decisións.<br>▪ B2.9 A igualdade entre homes e mulleres. | ▪ B2.2. Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos de alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso deseñando protocolos para a súa prevención. | ▪ CNB2.2.1 Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola. | ▪ Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola. | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CNB2.2.2. Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención. | ▪ Coñece algunhas das enfermidades máis habituais | ▪ CMCCT | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ e<br>▪ h | ▪ B2.10. Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais.<br>▪ B2.11. Pirámide alimentaria.<br>▪ B2.12. Análise de dietas equilibradas. | ▪ B2.3. Deseñar un menú equilibrado para a súa idade. | ▪ CNB2.3.1. Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais. | ▪ Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais | ▪ CMCCT | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CNB2.3.2. Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada e elabora un menú saudable na escola. | ▪ Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada | ▪ CMCCT<br>▪ CSC<br>▪ CSIEE | ▪ 1ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Asemblea |
| | BLOQUE 3. OS SERES VIVOS | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ e<br>▪ l<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B3.1. Diferenza entre seres vivos e inertes.<br>▪ B3.2. Identificación de animais e de plantas como seres vivos.<br>▪ B3.3. Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a | ▪ B3.1. Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas do seu contorno próximo, recoñecer as súas características principais e | ▪ CNB3.1.1. Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico. | ▪ Clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno | ▪ CMCCT<br>▪ CSIEE | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos<br>▪ Estacións |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | partir de características observables.<br>▪ B3.4. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.<br>▪ B3.5. Utilización guiada de claves e de guías de animais e plantas para a clasificación e identificación dalgunhas especies existentes en Galicia.<br>▪ B3.6. Identificación de cambios observables que se producen nos seres no contorno. | buscar información en fontes variadas. | ▪ CNB3.1.2. Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaas con criterio científico. | ▪ Recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaas | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Caderno<br>▪ Traballos<br>▪ Estacións |
| | | | ▪ CNB3.1.3. Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas. | ▪ É quen de buscar información sobre animais e plantas | ▪ CMCCT<br>▪ CAA | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Estacións |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ e<br>▪ h<br>▪ i<br>▪ j<br>▪ l<br>▪ m<br>▪ o | ▪ B3.7. Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos da maneira máis precisa e rigorosa posible.<br>▪ B3.8. Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación. | ▪ B3.2. Observar e rexistrar de forma cooperativa, algún proceso asociado ao ciclo vital dun ser vivo, no seu medio ou na aula. Comunicar de xeito oral e escrito os resultados, empregando soportes textuais variados. | ▪ CNB3.2.1. Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo e as explica empregando diferentes soportes. | ▪ Coñece as funcións de relación, reprodución e alimentación dun ser vivo | ▪ CMCCT | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Caderno<br>▪ Provas |
| | | | ▪ CNB3.2.2. Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado. | ▪ Rexistra os resultados da observación do ciclo vital | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSIEE<br>▪ CD | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Traballos |
| | BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.1. Fontes de enerxía. A enerxía e os cambios.<br>▪ B4.2. Intervención da enerxía na vida cotiá.<br>▪ B4.3. Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético.<br>▪ B4.4. A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental.<br>▪ B4.5. Desenvolvemento de | ▪ B4.1. Identificar, a partir de exemplos da vida cotiá, usos dos recursos naturais e consecuencias dun uso inadecuado facendo fincapé no aforro enerxético e no impacto medioambiental. | ▪ CNB4.1.1 Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá. | ▪ Recoñece as principais fontes de enerxía e os seus usos | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CNB4.1.2. Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola. | ▪ Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola | ▪ CMCCT<br>▪ CSC | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas medioambientais. | | | | | | |
| ▪ b<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.6. Cambios de estado da auga.<br>▪ B4.7. O ciclo da auga.<br>▪ B4.8. Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen. | ▪ B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de estado da auga e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos. | ▪ CNB4.2.1. Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián. | ▪ Entende os cambios de estado da auga | ▪ CMCCT<br>▪ CCL | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CNB4.2.2. Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais. | ▪ Realiza experiencias sinxelas para ver as forzas que fan que os obxectos se movan | ▪ CMCCT | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Asemblea |
| ▪ b<br>▪ g<br>▪ h | ▪ B4.9. Identificación de compoñentes e preparación dunha mestura. | ▪ B4.3. Realizar mesturas sinxelas con sustancias relacionadas coa vida doméstica e do contorno, achegando conclusións sobre os resultados. | ▪ CNB4.3.1. Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga. | ▪ Compara densidades de diferentes sustancias | ▪ CMCCT | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CNB4.3.2. Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados. | ▪ Realiza algunhas mesturas de uso doméstico | ▪ CMCCT | ▪ 2ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Asemblea |
| | BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS | | | | | | |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ e<br>▪ g | ▪ B5.1. Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguetes, móbiles, tesoiras, roda, manivelas, espremedor, reloxo, pinzas, triturador...).<br>▪ B5.2. Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo. | ▪ B5.1. Manipular e observar o funcionamento de aparellos e máquinas sinxelas simples e das complexas máis habituais e observar o seu uso na vida cotiá. | ▪ CNB5.1.1. Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento. | ▪ Coñece obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián | ▪ CMCCT | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ CNB5.1.2. Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá. | ▪ Identifica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Experimentos<br>▪ Asemblea |
| ▪ a<br>▪ b<br>▪ c | ▪ B5.3. Planificación e realización dalgún obxecto ou máquina de construción | ▪ B5.2. Planificar e realizar a construción de forma cooperativa dalgún obxecto | ▪ CNB5.2.1. Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas | ▪ Identifica e describe diversos oficios | ▪ CMCCT<br>▪ CCL<br>▪ CSC | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | TEMPORALIZ. | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ d<br>▪ e<br>▪ g<br>▪ h<br>▪ j<br>▪ m | sinxela.<br>▪ B5.4. Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando estereotipos sexistas.<br>▪ B5.5. Prevención de riscos no emprego de máquinas de uso cotián. | ou máquina sinxela para a resolución dun problema formulado e presentar os resultados en diferentes soportes. | que empregan. | | | | |
| | | | ▪ CNB5.2.2. Aplica os coñecementos ao deseño e construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo, empregando operacións matemáticas no cálculo previo, así como as tecnolóxicas: unir, cortar, pegar... | ▪ Aplica os coñecementos para a construción dalgún obxecto ou aparello sinxelo | ▪ CMCCT<br>▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ 3ª avaliación | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Estacións |

### 4.5.2.Temporalización

Recollida no apartado anterior.

### 4.5.3.Concrecións metodolóxicas

Os contidos da área de Ciencias da natureza están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias.

Os contidos serán traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos e realización de debates sobre temas de actualidade onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

### *4.5.4.Materiais e recursos didácticos*

Para a área de ciencias da natureza empregaremos:

- ✓ Bolígrafo, lapis, goma e afialapis
- ✓ Un caderno grande "Cuadrovía Lamela" de 3 mm
- ✓ Libro de texto da editorial Santillana
- ✓ Un arquivador de catro argolas para ir arquivando o traballo rematado
- ✓ Diverso material escolar (tesoira, pegamento, lapis de cores, ceras, rotuladores, ...)
- ✓ Materiais de uso cotiá (palillos, pinzas, gomas, feixóns, lá, sal, ...)
- ✓ O ordenador e o proxector da aula
- ✓ Os ordenadores da biblioteca
- ✓ Libros de ficción e de consulta variados (da biblioteca de aula, da biblioteca do centro e os que o propio alumnado poida traer das súas casas)
- ✓ Revistas, xornais, folletos, carteis, ...
- ✓ Maquetas das partes do corpo humano, pesas e básculas, recipientes varios, moldes, ...
- ✓ Quebracabezas, puzles, xogos de mesa, .
- ✓ Recursos da contorna (saídas, exposicións teatro...)

### *4.5.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

**Momentos da avaliación**

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial de cada área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Despois desta reflexión inicial o alumno realizará unha pequena avaliación inicial de cada unidade para ir adaptando o nivel nas competencias básicas e o contido da materia

*Avaliación continua*

A avaliación será continua e formativa, tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- Recollida periódica do caderno.
- Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais

- Exposicións orais, traballos, informes..
- Traballos en grupo

Estableceranse as medidas mais adecuadas para que as condicións de realización da avaliación se adapta ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

*Avaliación final*

1.Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

2.Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- ✓Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- ✓Suficiente: 5.
- ✓Ben: 6.
- ✓Notable: 7 ou 8.
- ✓Sobresaliente: 9 ou 10.

Os criterios para a cualificación baséanse nas seguintes porcentaxes:

COÑECEMENTOS

- Coñecementos avaliados en exames, probas escritas e orais, traballos e proxectos de investigación individuais e colectivos. **50%**

TRABALLO

- Traballo diario en clase.
- Exercicios de clase.
- Deberes.
- Caderno de clase. **40%**

ACTITUDE

- Motivación, interese.
- Esforzo, atención, participación.
- Comportamento, respecto das normas de aula e de centro, colaboración no mantemento dun bo clima de aula. **10%**

### *4.5.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

No primeiro mes de clase, realizaranse unha serie de probas e exercicios para determinar os coñecementos que o alumnado xa ten adquiridos e os que non.

Ao tratarse de nenos e nenas de 3º curso, será necesario deseñar probas moi variadas que avalíen tamén o estado madurativo do alumno/-a, o nivel de autonomía, a asimilación das normas, o interese polo colexio, a disposición para aprender, ...

Faranse polo tanto algunhas pequenas probas de lectura e de escritura, probas orais de comprensión, de razoamento, de lóxica, ...

Nesta idade é moi importante que a avaliación teña tamén en conta a observación diaria e sistemática de cada un dos nenos e nenas dentro da aula, xa que isto aporta moitos datos e moita información do alumnado de xeito individual e tamén a nivel de grupo.

O departamento de orientación, pasará tamén unhas probas específicas a toda a clase, tanto para apoiar esta avaliación inicial, como para detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo.

A base é que o alumnado elabore significados propios a partir dos coñecementos adquiridos con anterioridade. Os puntos de partida de calquera actividade deberán ser as experiencias ou coñecementos previos, así como a realidade máis próxima ao alumnado, de xeito que isto posibilite a construción de novas aprendizaxes sobre o xa aprendido.

Polo tanto, o feito de ter en conta os resultados da avaliación inicial, é un punto clave para que o proceso de ensinanza aprendizaxe funcione.

Por suposto, o alumnado presentará resultados moi diversos e mostrará distintos niveis de aprendizaxe. Estes resultados son os que deben guiar a práctica docente. En base a estes resultados, debe axustarse a programación e o proceso de individualización dentro da aula.

### *4.5.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

B1.2. Busca guiada de información en internet e noutros soporte

B1.4. Iniciación á actividade científica.

B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento.

B2.4. Saúde e enfermidade

B2.5. Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.

B2.9 A igualdade entre homes e mulleres

B2.12. Análise de dietas equilibradas.

B3.1. Diferenza entre seres vivos e inertes.

B3.3. Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables

B3.4. Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables

B4.1. Fontes de enerxía. A enerxía e os cambios.

B4.2. Intervención da enerxía na vida cotiá

B4.6. Cambios de estado da auga.

B5.2. Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo.

### *4.5.8. Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020*

Non se traballou a unidade didáctica das máquinas.

### *4.5.9. Plan de recuperación*

En C. Naturais farase sempre un pequeno repaso antes de cada tema.

## 4.6. Valores sociais e cívicos. Cristina Iturrioz Muñoz

### *4.6.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación*

| Obx. | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Grao de consecución | C.C. | Tempo. | Instrumentos de avaliación |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BLOQUE 1. A IDENTIDADE E A DIGNIDADE DA PERSOA | | | | | | | |
| . m<br>. k | B1.1. O autocoñecemento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades. | B1.1. Crear unha imaxe positiva dun mesmo/a tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepto. | VSCB1.1.1. Reflexiona sobre os trazos característicos da súa personalidade e verbaliza as conclusións.<br><br>VSCB1.1.2. Expresa a percepción da súa propia identidade, integrando a representación que fai dun mesmo ou dela mesma e a imaxe que expresan os demais. | Expresa oralmente algunha característica da súa personalidade.<br><br>Expresa sentimentos de xeito construtivo. | CSC<br>CSIEE<br><br>CSC<br>CCL | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase. |
| . m | B1.2. Habilidades comunicativas. Expresión de vivencias e sentimentos de forma construtiva | B1.2. Construír o estilo persoal baseándose na respectabilidade e na dignidade persoal | VSCB1.2.1. Razoa o sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas. | Constrúe un autoconcepto positivo respecto a si mesmo e ás demais persoas. | CSC<br>CCL<br>CSIEE | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase. |
| . a<br>. m | B1.3. O autoconcepto. A autovaloración; os trazos de personalidade. A autoconciencia emocional. A respectabilidade e a dignidade persoal. O estilo persoal positivo. | B1.3. Estruturar un pensamento efectivo empregando as emocións de forma positiva. | VSCB1.3.1 Aplica o autocontrol á toma de decisión.<br><br>VSCB1.3.2. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.<br><br>VSCB1.3.3. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas. | Toma decisións de xeito autónomo aplicando o autocontrol.<br><br>Expresa as súas emocións de xeito oral e por escrito.<br><br>Realiza actividades cooperativas respectando os compañeiros e compañeiras. | CSC<br>CSIEE<br><br>CSC<br>CSIEE<br><br>CSC<br>CSIEE<br>CCL | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase. |
| . b<br>. | B1.4. As emocións. Identificación, recoñecemento, expresión e | B1.4. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e | VSCB1.4.1. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos. | Traballa en equipo con esforzo por acadar logros colectivos. | CSC<br>CSIEE | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase. |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| m | verbalización. Causas e consecuencias. Asociación pensamento-emoción. | esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos | VSCB1.4.2.Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.<br><br>VSCB1.4.3. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta. | Comparte tarefas e asume responsabilidades.<br><br>Reflexiona sobre o seu traballo recoñecendo os aspectos positivos e os mellorables. | CSC<br>CSIEE<br><br>CSC<br>CAA<br>CSIEE | | |
| .<br>m | B1.5.O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia | B1.5. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas. | VSCB1.5.1. Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso | Asume que non todo sae ben á primeira e que debe ser tolerante á frustración e perseverante na execución de tarefas | CSC<br>CSIEE | 1ª,<br>2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase |
| .<br>a | B1.6. A responsabilidade. O sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais. Valoración do erro como factor de aprendizaxe e mellora. | B1.6. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. | VSCB1.6.1. Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.<br><br>VSCB1.6.2. Define e formula claramente problemas de convivencia | Resolve problemas de xeito autónomo e creativo.<br><br>Identifica e evita problemas de convivencia. | CSIEE<br>CCL<br><br>CSC<br>CCL | 1ª,<br>2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase |
| .<br>b | B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración. | B1.7. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas | VSCB1.7.1.Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións.<br><br>VSCB1.7.2. Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social. | Asume a responsabilidade das súas accións e as consecuencias delas.<br><br>Mostra respecto cara os demais. | CSC<br>CCL<br>CSIEE<br><br>CSC<br>CSIEE | 1ª,<br>2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase |
| BLOQUE 2. A COMPRENSIÓN E O RESPECTO NAS RELACIÓNS INTERPERSOAIS | | | | | | | |
| .<br>m | B2.1. As habilidades de comunicación. A percepción e o emprego do espazo físico na comunicación. Os elementos da comunicación non verbal que favorecen o diálogo: ton de voz e maneira de falar. Adecuación a diferentes contextos. | B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal. | VSCB2.1.1. Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.<br><br>VSCB2.1.2. Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.<br><br>VSCB2.1.3. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais | Expresa con claridade respecto opinións, sentimentos e emocións.<br><br>Utiliza as normas do diálogo.<br><br>Usa os elementos de comunicación verbal e non verbal | CCL<br>CSC<br>CSIEE<br><br>CL<br>CSC<br><br>CCL<br>CAA<br>CSIEE | 1ª,<br>2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase. |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | VSCB2.1.4. Expón respectuosamente os argumentos. | Expón con claridade e respecto os seus argumentos. | CCL<br>CSC | | |
| .b<br>.m<br>.e | B2.2. Estratexias da linguaxe oral como instrumento de comunicación: escoitar, preguntar, argumentar. | B2.2. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía. | VSCB2.2.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.<br><br>VSCB2.2.2. Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas. | Escoita sen interromper e con atención.<br><br>Colabora en debates respectando as normas. | CSC<br>CCL<br><br>CAA<br>CSIEE<br>CSC<br>CCL | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase. |
| .c<br>.m<br>.e | B2.3. A comunicación expresiva. Os elementos da comunicación que favorecen o diálogo. Iniciación mantemento e finalización de conversas. Identificación, recoñecemento e análise de hábitos que facilitan e dificultan a comunicación. | B2.3. Iniciar, manter e finalizar conversas cunha maneira de falar adecuada aos interlocutores e ao contexto, tendo en conta os factores que inhiben a comunicación para superar barreiras e os que permiten lograr proximidade. | VSCB2.3.1. Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación.<br><br>VSCB2.3.2. Amosa interese polos seus interlocutores. | Utiliza elementos de comunicación que favorecen o diálogo.<br><br>Mostra interese pola opinión dos demais | CCL<br>CSC<br><br>CCL<br>CSC | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase |
| .e<br>.m | B2.4. A aserción. Exposición e defensa das ideas propias con argumentos fundados e razoables empregando estratexias de comunicación construtivas | B2.4. Empregar a aserción | VSCB2.4.1. Expresa abertamente as propias ideas.<br><br>VSCB2.4.2. Emprega a linguaxe positiva | Expresa as súas ideas empregando estratexias de comunicación construtivas<br><br>Usa unha linguaxe positiva. | CCL<br>CSC<br>CSIEE<br><br>CCL<br>CSC | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase |
| .m | B2.5. O diálogo. A busca do mellor argumento. A creación de pensamentos compartidos a través do diálogo. A inferencia e o sentido da expresión dos e das demais. A escoita activa e a axuda. | B2.5. Dialogar creando pensamentos compartidos con outras persoas para atopar o mellor argumento. | VSCB2.5.1 Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns. | Enriquece os argumentos propios coa aportación dos compañeiros. | CCL<br>CSC<br>CAA | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase |
| .c<br>.m | B2.6.A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo. | B2.6. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais. | VSCB2.6.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.<br><br>VSCB2.6.2. Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence. | Uso de habilidades sociais básicas: empatía: atención, escoita activa<br><br>Participa en actividades grupais. | CSC<br><br>CSC<br>CSIEE | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación.<br>Diario de clase |
| . | B2.7. O respecto, a tolerancia | B2.7. Actuar con tolerancia | VSCB2.7.1. Respecta e acepta as | Móstrase tolerante e | CSC | 1ª, | Escala de |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| a | e a valoración do outro. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado. | comprendendo e aceptando as diferenzas. | diferenzas individuais.<br><br>VSCB2.7.2. Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas. | respectuoso coas diferenzas.<br><br>Recoñece as calidades e valores dos compañeiros. | <br><br><br>CSC | 2 e 3ª aval. | observación. Diario de clase |
| . c . m | B2.8. As condutas solidarias. A disposición de apertura cara aos demais: compartir puntos de vista e sentimentos. As dinámicas de cohesión de grupo. | B2.8. Contribuír á mellora do clima do grupo, amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas | VSCB2.8.1. Forma parte activa das dinámicas do grupo.<br>VSCB2.8.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua. | Participa activamente nas dinámicas de grupo.<br><br>Establece lazos afectivos e de amizade. | CSC<br>CSIEE<br><br>CSC<br>CSIEE | 1ª,<br>2 e 3ª aval. | Escala de observación. Diario de clase |
| BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS | | | | | | | |
| . b . m | B3.1 Responsabilidade no exercicio dos dereitos e dos deberes individuais nos grupos nos que se integra e participación nas tarefas e decisión destes. A disposición de apertura cara ao outro, ao compartir puntos de vista e sentimentos. | B3.1 Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos. | VSCB3.1.1 Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas.<br><br>VSCB3.1.2 Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración<br><br>VSCB3.1.3 Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula. | Establece relacións de confianza e colaboración.<br><br>Comparte proxectos, xogos e recoñece as actividade de grupo como enriquecedoras e significativas.<br><br>Interactúa cos demais con actitude positiva e aberta. | CSC<br>CSIEE<br><br>CSC<br>CSIEE<br><br>CSC<br>CSIEE | 1ª,<br>2 e 3ª aval. | Escala de observación. Diario de clase |
| . b | B3.2 A interdependencia e a cooperación. A interdependencia positiva e a participación equitativa. As condutas solidarias. A aceptación incondicional do outro. A resolución de problemas en colaboración. Compensación de carencias dos e das demais. A disposición de apertura cara ao outro, o compartir puntos de vista e sentimentos. □□B3.3. Estruturas e técnicas da aprendizaxe cooperativa | B3.2 Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias | VSCB3.2.1 Amosa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.<br><br>VSCB3.2.2. Practica as estratexias de axuda entre iguais.<br><br>VSCB3.2.3. Practica as estratexias de axuda entre iguais<br><br>VSCB3.2.4. Respecta as regras durante o traballo en equipo.<br><br>VSCB3.2.5. Emprega destrezas de interdependencia positiva | Da e recibe axuda cando é preciso.<br><br>Traballa en parella.<br><br>Comparte puntos de vista e sentimentos.<br><br>Asume as normas do traballo en equipo.<br><br>Reparten tarefas de modo lóxico e positivo. | CAA<br>CSIEE<br>CSC<br><br>CAA<br>CSIEE<br>CSC<br><br>CAA<br>CSIEE<br>CSC<br><br>CSC<br>CSC<br>CSIEE<br>CAA | 1ª,<br>2 e 3ª aval. | Escala de observación. Diario de clase |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| . a | B3.4. Elaboración de normas de convivencia da aula e do centro positivas, facilitadoras e asumidas polo grupo e pola comunidade. Valoración da necesidade de normas compartidas que regulan a convivencia frutífera no ámbito social. | B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais | VSCB3.3.1. Participa na elaboración das normas da aula<br><br>VSCB3.3.2. Respecta as normas do centro escolar | Elabora normas de aula e asume o compromiso de cumprilas.<br><br>Respecta as normas de convivencia do centro. | CSC<br>CSIEE<br><br>CSC | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación. Diario de clase |
| . c | B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. A transformación do conflito en oportunidade. | B3.4. Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. | VSCB3.4.1. Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo.<br><br>VSCB3.4.2. Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.<br><br>VSCB3.4.3. Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito. | Resolve os conflitos con axuda a través do diálogo e de xeito construtivo.<br><br>Usa unha linguaxe positiva e respectuosa.<br><br>Analiza as causas e consecuencia dun conflito con axuda dun adulto. | CSC<br>CSIEE<br><br>CCL<br>CSC<br><br>CSC<br>CSIEE | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación. Diario de clase |
| . a | B3.6. Identificación, recoñecemento e valoración dos dereitos de todos os nenos e de todas as nenas do mundo recoñecidos nas declaracións universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española. | B3.5. Comprender a importancia dos dereitos da infancia valorando as condutas que os protexen. | VSCB3.5.1.Ex-pón os dereitos básicos da infancia. | Valora os dereitos de todos os nenos recoñecidos nas declaración universais, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Constitución española. | CSC<br>CCL | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación. Diario de clase |
| . d . m | B3.7. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo | B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres | VSCB3.6.1. Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.<br><br>VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. | Participa en diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. | CSC<br>CSIEE | 1ª, 2 e 3ª aval. | Escala de observación. Diario de clase |
| . | B3.8. A educación viaria. | B3.7. Valorar as normas de | VSCB3.7.1. Colabora en campañas | Coñece as normas | CSC | 1ª, | Escala de |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| n | Respecto cara ás normas de mobilidade viaria. Identificación das causas e grupos de risco nos accidentes de tráfico.<br><br>B3.9. Identificación de actitudes e de estratexias persoais e colectivas que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos | seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico. | escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.<br><br>VSCB3.7.2 Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico<br><br>VSCB3.7.3.Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico. | básica de seguridade viaria.<br><br>Identificación de actitudes que contribúen a consolidar condutas e hábitos viarios correctos.<br><br>Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico | CSIEE<br><br>CSC<br>CCL<br><br>CSC<br>CCL<br>CMCT<br>CD | 2 e 3ª aval. | observación. Diario de clase |

## *4.6.2.Temporalización*

Para esta materia non se realiza a principio de curso unha temporalización pechada que faga corresponder cada un dos contidos a tratar cunha das semanas lectivas do curso. Os contidos iranse traballando en función dos intereses do alumnado e das necesidades que o docente vaia percibindo no grupo - clase.

O papel do docente será ir dirixindo e redireccionando as inquedanzas dos discentes, ilas adaptando ao currículo de 3º e asegurarse da adquisición de cada unha das competencias e do tratamento de cada un dos distintos contidos do curso.

Máis alá do momento en que se vaia a traballar cada un dos conceptos, o importante é que se traballen todos.

A través deste documento, o docente poderá rexistrar, de forma diaria e sistemática, o traballo realizado e as aprendizaxes adquiridas. Deste xeito, a temporalización irase realizando de xeito semanal ou quincenal. Así, asegurámonos de que o aprendizaxe é o máis significativo posible para o alumnado, xa que a temporalización vaise creando en función dos seus propios intereses, das aprendizaxes que xa teñen adquiridas e das necesidades do grupo, tendo sempre en conta as esixencias do currículo.

### 4.6.3.Concrecións metodolóxicas

O ensino da área require estimular a axuda mutua e o traballo cooperativo, co que a través da comunicación oral, o diálogo e a interacción entre o alumnado se contribuirá a desenvolver a competencia para participar activamente nun equipo, a análise e a reorganización das propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas e a solidariedade, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.

Debe potenciar, ademais, o desenvolvemento de competencias que lles permitan aos alumnos e as alumnas considerarse valiosos e valiosas e axudar ás demais persoas, á vez que se senten recoñecidos e recoñecidas e se mostran receptivos e receptivas para recibir axuda na resolución de problemas.

As propostas metodolóxicas son decisivas para favorecer que se integren na súa vida cotiá o coñecemento de principios, valores e estratexias de regulación emocional, contribuíndo así á súa incorporación á vida adulta de maneira satisfactoria, desenvolvendo a capacidade de asumir os seus deberes e defender os seus dereitos, exercer a cidadanía activa e desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

Polo tanto, necesariamente, haberá que partir das experiencias, problemas e intereses do alumnado ─xa que todo o traballado nesta área ten un compoñente vivencial─ para propiciar o pensamento en perspectiva e a implicación emocional. Cumprirá deseñar tarefas e/ou proxectos de traballo en contextos auténticos que permitan levar a cabo estas vivencias e que potencien que cada rapaz e cada rapaza teñan os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e das súas contribucións aos diferentes grupos nos que desenvolven a actividade. De aí a importancia de propoñer o traballo cooperativo para a realización das tarefas, que lles permite ás alumnas e aos alumnos a análise, a expresión e a interpretación de pensamentos, sentimentos e feitos en distintos contextos sociais e culturais, así como o uso da linguaxe para regular a conduta e relacionarse cos demais.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

### *4.6.4.Materiais e recursos didácticos*

Para a área de valores sociais e cívicos empregaremos:

- ✓ Bolígrafo, lapis, goma e afialapis
- ✓ Diverso material escolar (tesoira, pegamento, lapis de cores, ceras, rotuladores, ...)
- ✓ O ordenador e o proxector da aula
- ✓ Os ordenadores da biblioteca
- ✓ Libros de ficción e de consulta variados (da biblioteca de aula, da biblioteca do centro e os que o propio alumnado poida traer das súas casas)
- ✓ Revistas, xornais, folletos, carteis, ...
- ✓ Quebracabezas, puzles, xogos de mesa, ...

### *4.6.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

**Momentos da avaliación**

*Avaliación inicial*

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial de cada área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Despois desta reflexión inicial o alumno realizará unha pequena avaliación inicial de cada unidade para ir adaptando o nivel nas competencias básicas e o contido da materia

*Avaliación continua*

A avaliación será continua e formativa , tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- Recollida periódica do caderno.
- Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais
- Exposicións orais, traballos, informes...
- Traballos en grupo

Estableceranse as medidas mais adecuadas para que as condicións de realización da avaliación se adapta ás necesidades do alumnado con necesidades especificas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

*Avaliación final*

1.Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

2.Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- ✓Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- ✓Suficiente: 5.
- ✓Ben: 6.
- ✓Notable: 7 ou 8.
- ✓Sobresaliente: 9 ou 10.

Os criterios para a cualificación baséanse nas seguintes porcentaxes:

- ✓ Expresión oral 20%
- ✓ Conceptos 10%
- ✓ Traballo diario 30%
- ✓ Actitude e participación 40%

### *4.6.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

No primeiro mes de clase, realizaranse unha serie de probas e exercicios para determinar os coñecementos que o alumnado xa ten adquiridos e os que non.

Ao tratarse de nenos e nenas de 3º curso, será necesario deseñar probas moi variadas que avalíen tamén o estado madurativo do alumno/-a, o nivel de autonomía, a asimilación das normas, o interese polo colexio, a disposición para aprender, ...

Faranse polo tanto algunhas pequenas probas de lectura e de escritura, probas orais de comprensión, de razoamento, de lóxica, ...

Nesta idade é moi importante que a avaliación teña tamén en conta a observación diaria e sistemática de cada un dos nenos e nenas dentro da aula, xa que isto aporta moitos datos e moita información do alumnado de xeito individual e tamén a nivel de grupo.

O departamento de orientación, pasará tamén unhas probas específicas a toda a clase, tanto para apoiar esta avaliación inicial, como para detectar posibles necesidades específicas de apoio educativo.

A base é que o alumnado elabore significados propios a partir dos coñecementos adquiridos con anterioridade. Os puntos de partida de calquera actividade deberán ser as experiencias ou coñecementos previos, así como a realidade máis próxima ao alumnado, de xeito que isto posibilite a construción de novas aprendizaxes sobre o xa aprendido.

Polo tanto, o feito de ter en conta os resultados da avaliación inicial, é un punto clave para que o proceso de ensinanza aprendizaxe funcione.

Por suposto, o alumnado presentará resultados moi diversos e mostrará distintos niveis de aprendizaxe. Estes resultados son os que deben guiar a práctica docente. En base a estes resultados, debe axustarse a programación e o proceso de individualización dentro da aula.

### 4.6.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial

B1.1. O autocoñecemento. Identificación das características persoais e dos trazos de identidade, as propias capacidades e necesidades.

B1.5.O autocontrol. A regulación dos sentimentos. As estratexias de reestruturación cognitiva. A resiliencia

B1.7. A autonomía persoal e a autoestima. Seguridade nun mesmo, iniciativa, autonomía para a acción, confianza nas propias posibilidades. A toma de decisións persoal meditada. Tolerancia á frustración.

B2.6.A intelixencia interpersoal. A empatía: atención, escoita activa, observación e análise de comportamentos. O altruísmo.

B2.7. O respecto, a tolerancia e a valoración do outro. Análise de situacións na escola e fóra dela que producen sentimentos positivos ou negativos no alumnado.

B3.5. A resolución de conflitos. A linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais. A transformación do conflito en oportunidade.

B3.7. As diferenzas de sexo como un elemento enriquecedor. Análise das medidas que contribúen a un equilibrio de xénero e a unha auténtica igualdade de oportunidades. Identificación e rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo

## 4.7.Educación artística (plástica). Cristina Iturrioz Muñoz.

### *4.7.1.Obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao de consecución, competencias clave e procedementos de avaliación*

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL | | | | | |
| ▪ e<br>▪ j | ▪ B1.1. Establecemento de protocolos de actuación na observación das obras artísticas.<br>▪ | ▪ B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan. | ▪ EPB1.1.1 Establece unha orde ou pautas para seguir no procedemento de observación dos elementos do contexto, e na súa comunicación oral ou escrita. | ▪ Observa as obras artísticas de xeito crítico | ▪ CCL<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ EPB1.1.2. Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico. | ▪ Describe as obras artísticas e as súas apreciacións persoais | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ EPB1.1.3. Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica. | ▪ Emprega o vocabulario aprendido propio da materia | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ e<br>▪ j | ▪ B1.2. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medio de expresión de ideas.<br>▪ . | ▪ B1.2. Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo. | ▪ EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas. | ▪ Interpreta imaxes nun contexto | ▪ CCL<br>▪ CCEC | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ EPB1.2.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais. | ▪ É quen de representar o espazo de diferentes xeitos | ▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Traballos |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B1.3. Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciacións obtidas. | ▪ B1.3. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios. | ▪ EPB1.3.1. Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións. | ▪ Recoñece diferentes texturas e tonalidades | ▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| | | | ▪ EPB1.3.2. Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza. | ▪ Clasifica segundo textura, forma ou cor | ▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ EPB1.3.3. Diferencia e recoñece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas. | ▪ Recoñece texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas | ▪ CCEC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea |
| ▪ j | ▪ B1.4. Indagación sobre | ▪ B1.4. Identificar e valorar | ▪ EPB1.4.1. Describe varias profesións | ▪ Coñece profesións | ▪ CCEC | ▪ Observación |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ a<br>▪ b | diferentes maneiras de representar o espazo<br>▪ B1.5. Observación dos materiais empregados nas obras plásticas<br>▪ B1.6. Exploración de calidades dos materiais (transparencia, rugosidade, lixeireza etc.) e tratamento convencional e sinxelo de texturas, formas e cores sobre diferentes soportes. | recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia. | relacionadas coas artes plásticas. | relacionadas coas artes plásticas | ▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ Asemblea |
| | | | ▪ EPB1.4.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra. | ▪ É quen de buscar información sobre artistas plásticos | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Equipos |
| | | | ▪ EPB1.4.3. Amosa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información. | ▪ Interésase por coñecer obras e autores | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Equipos |
| | | | ▪ EPB1.4.4. Relaciona artistas coas obras máis representativas. | ▪ Coñece algúns artistas significativos e algunha das súas obras | ▪ CCEC<br>▪ CSC<br>▪ CCL | ▪ Observación<br>▪ Asemblea<br>▪ Traballos |
| | BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA | | | | | |
| ▪ j<br>▪ b | ▪ B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.<br>▪ B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos.<br>▪ B2.3. Construción de estruturas con volume. | ▪ B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final. | ▪ EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas. | ▪ Emprega distintas técnicas de mestura de cores | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Estacións |
| | | | ▪ EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras. | ▪ Emprega distintos materiais para realizar as súas obras | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Estacións |
| | | | ▪ EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas. | ▪ Emprega distintos materiais para realizar as súas obras | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos<br>▪ Estacións |
| | | | ▪ EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas. | ▪ Recorta e pega distintos materiais | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía. | ▪ Completa figuras seguindo as liñas como guía | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ EPB2.1.6. Combina técnicas de picado, encartado e pegado. | ▪ Pica encarta e pega | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada. | ▪ Fai copias sobre cuadrícula | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ EPB2.1.8. Usa a técnica de colaxe con | ▪ Realiza colaxe con | ▪ CCEC | ▪ Observación |

| OBX. | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | GRAO DE CONSECUCIÓN | COMP. CLAVE | PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas. | limpeza e precisión | ▪ CAA | ▪ Traballos |
| | | | ▪ EPB2.1.9. Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría. | ▪ Compón figuras partindo do eixe de simetría | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT | ▪ Observación<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ EPB2.1.10. Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado. | ▪ Constrúe figuras tridimensionais sinxelas | ▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Traballos |
| | | | ▪ EPB2.1.11. Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula para alcanzar as proporcións axeitadas. | ▪ Debuxa a figura humana de xeito proporcionado | ▪ CCEC<br>▪ CMCCT | ▪ Observación<br>▪ Traballos |
| ▪ a<br>▪ j | ▪ B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron.<br>▪ B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva. | ▪ B2.4. Coidar o material e os espazos e utilizalos adecuadamente. | ▪ EPB2.4.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo. | ▪ Coida e mantén ordenado o material | ▪ CCEC<br>▪ CSC | ▪ Observación<br>▪ Estacións |
| ▪ a<br>▪ c | ▪ B2.6. Respecto polas normas e pola repartición de tarefas establecidas no grupo.<br>▪ B2.7. Respecto polas ideas e os traballos individuais. | ▪ B2.6. Respectar e valorar o traballo individual e en grupo. | ▪ EPB2.6.1. Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas. | ▪ Traballa en equipo correctamente | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CAA | ▪ Observación<br>▪ Equipos<br>▪ Estacións |
| ▪ j<br>▪ i | ▪ B2.8. Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producións artísticas.<br>▪ B2.9. Compilación de imaxes para complementar textos (carteis, anuncios, esquemas etc.). | ▪ B2.8. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas. | ▪ EPB2.8.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico. | ▪ É quen de buscar información no ordenador ou na tablet | ▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Equipos<br>▪ Traballos<br>▪ Estacións |
| | | | ▪ EPB2.8.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas. | ▪ É quen de buscar información no ordenador ou na tablet | ▪ CCEC<br>▪ CD | ▪ Observación<br>▪ Equipos<br>▪ Traballos<br>▪ Estacións |

### *4.7.2.Temporalización*

Para esta materia non se realiza a principio de curso unha temporalización pechada que faga corresponder cada un dos contidos a tratar cunha das semanas lectivas do curso. Os contidos iranse traballando en función dos intereses do alumnado e das necesidades que o docente vaia percibindo no grupo - clase.

O papel do docente será ir dirixindo e redireccionando as inquedanzas dos discentes, ilas adaptando ao currículo de 3º e asegurarse da adquisición de cada unha das competencias e do tratamento de cada un dos distintos contidos do curso.

Máis alá do momento en que se vaia a traballar cada un dos conceptos, o importante é que se traballen todos.

A través deste documento, o docente poderá rexistrar, de forma diaria e sistemática, o traballo realizado e as aprendizaxes adquiridas. Deste xeito, a temporalización irase realizando de xeito semanal ou quincenal. Así, asegurámonos de que o aprendizaxe é o máis significativo posible para o alumnado, xa que a temporalización vaise creando en función dos seus propios intereses, das aprendizaxes que xa teñen adquiridas e das necesidades do grupo, tendo sempre en conta as esixencias do currículo.

### *4.7.3.Concrecións metodolóxicas*

As diferentes manifestacións artísticas teñen unha presenza constante no contorno e na vida das persoas formando parte de múltiples aspectos da súa socialización e da súa comunicación. Por este motivo, é de grande relevancia ensinar ao alumnado a interpretación e a análise crítica, para o facer consciente de que tódalas formas de arte son expresión de ideas, sentimentos, crenzas e actitudes da persoa que son reveladoras da súa identidade.

A área artística sitúase nun lugar privilexiado para a transversalidade, para a conexión natural con outras áreas do currículo, colaborando nunha comprensión da realidade e nunha satisfacción maiores. Permite, ademais, achegarse á mirada das demais persoas, á diversidade de maneiras de experimentar o mundo, que se manifestaron e se manifestan nos produtos da cultura.

O seu tratamento competencial desenvolverase tendo como obxectivo que o alumnado sexa protagonista final dos produtos de aprendizaxe, da creación das súas propias obras.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

### *4.7.4.Materiais e recursos didácticos*

- Materiais

– Témperas líquidas
– Témperas sólidas
– Rotuladores metálicos
– Acuarelas
– Pinturas acuarelables
– Purpurina
– Papel de aluminio
– Goma eva
– Cartón

- Folios de cores
- Cartolinas
- Plastilina
- Barro
- Diferente material de refugallo
- Area
- Palillos de pinchos morunos
- depresores
- Pistola de silicona (uso exclusivo da titora)
- Murais.
- Encerado e pizarra dixital.

- Recursos

- Biblioteca de aula e de centro
- Aula de informática.
- Material didáctico: Láminas de observación
- Recursos do entorno: (saídas, exposicións, teatro...)
- Contos para intercambio
- Recursos audiovisuais

## *4.7.5.Avaliación e criterios de cualificación do alumnado*

**Momentos da avaliación**

*Avaliación inicial*

Ao comezo do curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizarase unha avaliación inicial de cada área incidindo na obtención de información sobre os coñecementos previos do alumnado na materia e o grao de desenvolvemento das competencias básicas.

A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Será de gran importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo a fin de tomar medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado.

Despois desta reflexión inicial o alumno realizará unha pequena avaliación inicial de cada unidade para ir adaptando o nivel nas competencias básicas e o contido da materia

*Avaliación continua*

A avaliación será continua e formativa, tratando de atender a todo o proceso de ensino aprendizaxe, coa observación e seguimento do alumno:

- Recollida periódica do caderno.
- Actividades realizadas en clase ou na casa que se recollerán para avaliar de maneira individualizada: exercicios, resumes, esquemas e mapas conceptuais
- Exposicións, traballos,…

- Traballos en grupo

Estableceranse as medidas mais adecuadas para que as condicións de realización da avaliación se adapta ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tendo en conta as directrices marcadas pola orientadora.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

*Avaliación final*

1.Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables.

2.Avaliaranse as aprendizaxes do alumnado mediante os indicadores de logro.

Os resultados da avaliación expresaranse nos termos de Insuficiente (IN) para as cualificacións negativas, Suficiente (SU), Ben (BE), Notable (NT) ou Sobresaliente (SB) para as cualificacións positivas. A estes termos achegaráselles unha cualificación numérica, sen empregar decimais, nunha escala de un a dez, coas seguintes correspondencias:

- ✓Insuficiente: 1, 2, 3 ou 4.
- ✓Suficiente: 5.
- ✓Ben: 6.
- ✓Notable: 7 ou 8.
- ✓Sobresaliente: 9 ou 10.

Os criterios para a cualificación baséanse nas seguintes porcentaxes:

*ASPECTOS VALORADOS*

Os exames e as probas escritas non son unha ferramenta válida nesta área, non se empregarán. Polo tanto, terase en conta os rexistros tomados ao longo das sesións.

A boa disposición e actitude dos alumnos nesta área, na que son fundamentais a creatividade na expresión persoal, pero tamén a responsabilidade no traballo, a limpeza, o orde e la organización do traballo deberán ser tamén tidas en conta á hora de cualificar aos alumnos.

- Aprendizaxes demostrados a través da práctica de tarefas diarias **70%**
- Actitude **30%.**

### *4.7.6.Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar en función dos resultados*

No primeiro mes de clase, realizaranse unha serie de probas e exercicios para determinar os coñecementos que o alumnado xa ten adquiridos e os que non.

Ao tratarse de nenos e nenas de 3º curso, será necesario deseñar probas moi variadas que avalíen tamén o estado madurativo do alumno/-a, o nivel de autonomía, a asimilación das normas, o interese polo colexio, a disposición para aprender, ...

Faranse polo tanto algunhas pequenas probas que nos dean datos sobre o nivel do alumnado en canto a conceptos artísticos, manexo dos distintos materiais, motricidade fina, ...

Nesta idade é moi importante que a avaliación teña tamén en conta a observación diaria e sistemática de cada un dos nenos e nenas dentro da aula, xa que isto aporta moitos datos e moita información do alumnado de xeito individual e tamén a nivel de grupo.

A base é que o alumnado elabore significados propios a partir dos coñecementos adquiridos con anterioridade. Os puntos de partida de calquera actividade deberán ser as experiencias ou coñecementos previos, así como a realidade máis próxima ao alumnado, de xeito que isto posibilite a construción de novas aprendizaxes sobre o xa aprendido.

Polo tanto, o feito de ter en conta os resultados da avaliación inicial, é un punto clave para que o proceso de ensinanza aprendizaxe funcione.

Por suposto, o alumnado presentará resultados moi diversos e mostrará distintos niveis de aprendizaxe. Estes resultados son os que deben guiar a práctica docente. En base a estes resultados, debe axustarse a programación e o proceso de individualización dentro da aula.

### *4.7.7. Obxectivos mínimos en caso de actividade lectiva non presencial*

B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.

B1.6. Exploración de calidades dos materiais (transparencia, rugosidade, lixeireza etc.) e tratamento convencional e sinxelo de texturas, formas e cores sobre diferentes soportes.

B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos.

B2.3. Construción de estruturas con volume.

B2.8. Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producións artísticas.

B2.9. Compilación de imaxes para complementar textos (carteis, anuncios, esquemas etc.).

## *4.7.8. Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2019-2020*

EPB1.2.2. Describe con termos propios da linguaxe as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes no contorno.

EP2.5.1. Debuxa a figura humana e diferencia as principais partes.

## 5.CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os criterios de promoción entre cursos e ao final de etapa serán os seguintes:

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado, ou os obxectivos da etapa, e que acadou o grao de adquisición necesario das competencias correspondentes.

Tomaranse como referencia as seguintes consideracións:

O alumno ou alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que:

- ✓ Non teña máis de tres materias con cualificación de insuficiente.
- ✓ Non teña cualificación de insuficiente nunha das linguas cooficiais e matemáticas.

A repetición considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polo centro de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

## 6.MEDIDAS PARA A ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no plan de continxencia do centro relativas ao ensino a distancia.

Ao principio do curso, e a ser posible e ao longo do mes de setembro, levaranse a cabo as seguintes actuacións encamiñadas a facilitar o posible ensino a distancia:

- Identificación do alumnado con problemas de conexión na casa.
- Formación por parte do profesorado para empregar a aula virtual.
- Posta en funcionamento da mesma.
- Formación do alumnado no uso da aula virtual.
- Información detallada a través da web do colexio a las familias do uso da aula virtual, abalar móbil...

No caso de suspenderse a actividade lectiva presencial, están previstas as seguintes medidas:

- ensino non presencial será **impartido polo profesorado ordinario** do alumnado preferentemente **a través da aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- Ademais das aulas virtuais, habilitaranse **fórmulas de comunicación** como foros ou vídeo chamadas para manter contacto coas familias

En todo caso, durante o período de suspensión da actividade lectiva presencial, o profesorado procurará cumprir sempre coas seguintes premisas:

- ✓ **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- ✓ **Actualizar diariamente as aulas virtuais** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- ✓ Programar **tarefas que non supoñan unha carga de traballo excesiva** para o alumnado e para as súas familias.
- ✓ Programar tarefas das **distintas materias** atendendo á carga horaria de cada unha delas e procurando que os tempos de traballo do alumnado non se excedan das horas establecidas.
- ✓ Programar **distintos tipos de tarefas e en distintos soportes** (cadernos, libros, ordenador, vídeo, vídeo chamadas ...).

## 7.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Empregaremos ao remate do proceso a seguinte táboa para valorar o proceso de ensino e a práctica docente:

| | 1 | 2 | 3 | 4 |
|---|---|---|---|---|
| Deseño distintas actividades de aprendizaxe para o logro de cada un dos obxectivos | | | | |
| Motivo aos meus alumnos comunicándolles os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos. | | | | |
| Relaciono os contidos con situacións reais, informándoos da utilidade e creando expectativas | | | | |
| Emprego metodoloxías que favorezan o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno e que teña en conta os seus intereses | | | | |
| Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma | | | | |
| Cando comezamos unha actividade nova, os alumnos/-as coñecen os obxectivos e competencias que se queren desenvolver, as diferentes actividades a realizar e como se lles vai avaliar. | | | | |
| As actividades que propoño están relacionadas con situacións da vida real. | | | | |
| En función das características de cada alumno suscito tarefas e logros diferentes. | | | | |
| Propoño metodoloxías diversas. | | | | |

Tamén valoraremos aspectos organizativos sobre o emprego de materiais e distribución do grupo clase

| | | |
|---|---|---|
| Como organizo o grupo clase (expresado en porcentaxe de tempo) | | % |
| | Traballo individual | |
| | Parellas | |
| | Pequeno grupo | |
| | Gran grupo | |
| Emprego recursos e materiais variados para a aprendizaxe | | |

## 8.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Cando falamos de necesidades específicas de apoio educativo temos que ter en conta que non estamos a falar do caso do alumnado que ten dificultades de aprendizaxe e ao que a docencia dá resposta diariamente a través de actividades de reforzo ou de ampliación e de unha maior atención en xeral. O que agora nos ocupa é o alumnado para o que os recursos ordinarios non son suficientes, sendo necesaria a incorporación de medidas extraordinarias.

Cando as dificultades non son moi importantes, as medidas habituais de individualización da ensinanza poden ser suficientes para dar resposta ás necesidades do discente, pero agora falamos de dificultades xerais, para as que é preciso levar a cabo adaptacións significativas. Neste caso considérase que o neno/-a ten N.E.A.E., xa que esixe do sistema medidas educativas extraordinarias.

Ao referirnos ás necesidades específicas de apoio educativo, non falamos tan só de discapacidades de carácter psicolóxico, físico ou sensorial, se non que nos estamos a referir tamén a casos de altas capacidades, casos de nenos/-as que se atopen nunha situación social desfavorecida, casos de alumnado con incorporación tardía ao sistema educativo español e incluso de alumnado estranxeiro que poida ter problemas tanto co idioma como coa relación social cos compañeiros ou incluso con aspectos da nosa cultura que lle sexan alleos.

A identificación e valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible. Adoptaranse as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.

En 3º hai un alumno e unha alumna que presentan algúns problemas no seu rendemento escolar. Ambos recibirán un apoio por parte da profesora de P.T. de dúas sesións semanais. O

profesorado que imparte clase a este grupo e en concreto a súa titora prestará especial atención á súa evolución académica.

# 9.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2020: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2020: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 30 de novembro ao 7 de decembro de 2020: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2020: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2020: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
- 24 de xaneiro de 2021: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2021: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2021: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2021: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 8 ao 12 de marzo de 2021: Semana da Prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.
- 7 de abril de 2021: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 19 e o 23 de abril de 2021: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2021: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2021: Día de Europa.
- Do 10 ao 14 de maio de 2021: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2021: Día Mundial do Medio Ambiente.

Ademais, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, realizaranse actividades específicas próximas ás datas de celebración internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais.

Por outra banda, ao longo do curso realizaranse algunhas saídas que poidan ser interesantes para o alumnado de 3º, sempre que a situación sanitaria o permita.

O centro atópase nun entorno natural e etnográfico que aporta moita información ao alumnado e que é moi interesante visitar.

Ademais, unha gran parte do alumnado non ten moitas posibilidades de acceso a museos, teatro, actividades culturais, concertos, ... polo que será interesante achegar aos nenos e nenas a algunha destas actividades (sempre que a situación sanitaria o faga posible) que poidan ademais aportar información relevante sobre os contidos que se poidan estar traballando nas distintas materias.

Durante este curso se terá moi en conta as recomendacións sanitarias pola pandemia, Este feito reducirá as celebracións entre grupos, limitándose exclusivamente ao grupo estable da aula.

## 10.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS E PROCESOS DE MELLORA

Valoraremos a adecuación de obxectivos, contidos e criterios de avaliación á realidade do alumnado. Comprobaremos se as avaliacións das materias inclúen o grao de desenvolvemento das competencias básicas, se a metodoloxía empregada é coherente cos obxectivos previstos, se se aplicaron as medidas de atención á diversidade de forma axeitada, e se as aprendizaxes do alumnado con relación ao previsto están axustadas. Comprobaremos se o grao de desenvolvemento das programacións docentes foi suficiente e se a coordinación entre o profesorado cumpre as expectativas iniciais. Con todos estes datos poderemos avaliar globalmente todo o proceso

Para valorar a nosa propia programación e acometer as reformas necesarias co fin de mellorala, usaremos como ferramenta esta lista de valoración:

| **ASPECTOS DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN** | **1** | **2** | **3** | **4** |
|---|---|---|---|---|
| Organizáronse os estándares en relación ás distintas unidades de programación. | | | | |
| Definíronse axeitadamente os indicadores de logro dos estándares. | | | | |
| Determináronse os estándares imprescindibles. | | | | |
| Están correctamente asociados estándares, instrumentos de avaliación e indicadores de logro. | | | | |
| Deseñouse a avaliación inicial e definiuse que facer cos seus resultados. | | | | |
| Medidas de atención á diversidade: Tivéronse en conta medidas xerais de intervención educativa. | | | | |
| Contempláronse medidas para o alumnado con NEAE. | | | | |
| Fíxose unha AC no caso de estar autorizada. | | | | |
| Atendeuse axeitadamente ao alumnado con sobredotación. | | | | |
| Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación vinculados aos estándares. | | | | |
| Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación e ampliación. | | | | |
| Hai estratexias de promoción da lectura e da escritura. | | | | |
| Hai estratexias para inserir as TIC no proceso de ensino. | | | | |
| Aplícase a metodoloxía didáctica acordada. | | | | |
| As tarefas están vinculadas a situacións reais, significativas e motivadoras para o alumnado. | | | | |
| Cada instrumento de avaliación relaciónase cos estándares de aprendizaxe. | | | | |
| Hai procedementos e instrumentos de avaliación variados. | | | | |
| Os estándares imprescindibles están identificados. | | | | |
| Infórmase ás familias e ao alumnado de estándares e criterios de cualificación. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Análise dos resultados das avaliacións individualizadas. | | | | |
| Coordinación entre o equipo didáctico. | | | | |
| Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas. | | | | |
| Tratamento preciso dos temas transversais. | | | | |
| Actividades extraescolares e complementarias. | | | | |